

vilalba

O Concello fará un estudo da facturación das compañías eléctricas. **Páx. 3**

as pontes

O Concello e a Casa do Mel únense para crear un centro apícola en Goente. **Páx. 8**

guitiriz

Parga contará coa súa primeira Feira de Nadal organizada polo CEIP e a ANPA. **Páx. 11**

xermade

Regresa a Invernada de Cine de Cabreiros con seis citas ata decembro. **Páx. 19**

deportes

O Río Miño faise co Campionato Galego de Billarda nun torneo en Castro de Rei. **Páx. 30**

Unidos pola lingua

Os concellos de Vilalba, Muras e Xermade lideran un programa para incentivar o uso do galego na etiquetaxe de produtos agroalimentarios



Investimento provincial en Vilalba e Guitiriz

Firmaron convenios coa Deputación para a posta en marcha de numerosas obras. **Páx. 2 e 11**


A Conta Xeral preocupa en Rábade

Oposición e Goberno debaten sobre o estado das contas, que están intervidas. **Páx. 20**

Avanza o Centro de Innovación Territorial

Goberno e Deputación firmaron o convenio que traerá esta instalación á provincia. **Páx. 29**

Tasca do Liño




Insua celebrará o día 25 unha nova cita coa tradición. **Páx. 3**

Xatá Teatro



Arranca na Pastoriza un grupo teatral de nova creación. **Páx. 25**

O galego nos cemiterios



O estudos advirten a presenza crecente da lingua nas lápidas. **Páx. 28**



A vida soa xenial, non a perdas!

Ven a coñecer a última tecnoloxía en audífonos dixitais



Revisión auditiva completa gratuita. Pide a túa cita sen compromiso.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9, Vilalba,
Avda. de Galicia, 91, As Pontes.
Nº R.S. E-27-000011 / E-27-000013 - Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

A Deputación achega 260.000 euros para a mellora de espazos

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a alcaldesa, Marta Rouco Seoane, veñen de asinar no Pazo de San Marcos un acordo de colaboración polo cal a institución provincial achegará máis de 260.000 euros para mellorar diferentes espazos públicos da capital chairega. Este acordo servirá para construír un parque infantil no Campo da Feira,

remodelar o de Rosalía de Castro; rehabilitar o firme no acceso ao barrio das Fontiñas e na rúa do Rego; dotar de dúas canastras ao CEIP Mato Vizoso e dotar dun vehículo para o servizo eléctrico municipal. “Asinamos unha colaboración moi importante para a veciñanza de Vilalba. Dunha banda, este acordo permitirá facer varias melloras de calidade

urbana, facilitando a accesibilidade e a seguridade viaria e dotando de novos espazos de lecer para a infancia; dúas cuestións cun impacto esencial na economía local e no desenvolvemento da vida social”, explicou Tomé Roca. “Doutra banda, conseguimos ademais un aforro significativo en mantemento eléctrico municipal, mellorando ademais o servizo que se presta desde o Concello, axilizando o tempo de resposta”, engadiu.

Vilalba mellorará e ampliará os seus espazos infantís con cargo a estes fondos. No Campo da Feira, do lado da pista multiocio, construírse un parque infantil que contará cunhas dimensións de 180 metros cadrados. Instalarase un pavimento de caucho continuo de dobre capa en toda a superficie, delimitada por unha valla de madeira en postes e travesseiros. O espazo contará cun balancín de dúas prazas e unha rede de xogos. Ademais contará coa iluminación de dous farois e catro proxectores. Tamén se remodelará a zona infantil do parque de Rosalía de Castro. Substituírse o pavimento de caucho existente e tamén e a valla, de 100 metros cadrados e renovaranse todos os xogos, instalando unha casíña, un xogo múltiple con tobogán, bambán e redes. Ademais, este investimento da institución provincial servirá tamén para dotar e instalar un xogo de dúas canastras no pavillón do CEIP Mato Vizoso. Este acordo permitirá tamén mellorar a mobilidade da capital chairega coa rehabilitación do firme no acceso ao barrio das Fontiñas e na rúa do Rego. No caso da vía que dá acceso ás vivendas situadas neste



residencial de Fontiñas desde a rúa Conde Palleares, haberá que fresar os preto de 200 metros de firme, repavimentar con aglomerado en quente e repoñer a sinalización co pintado de marcas lonxitudinais e transversais.

O proxecto contempla ademais a remodelación da segunda parte da rúa do Rego, desde a altura do número 2 ata o final da mesma. Neste caso, darase continuidade á intervención realizada no primeiro tramo, no acceso desde o cruce coa rúa Plácido Peña, nunha intervención que mellorará a seguridade e a comodidade de vehículos e peóns. As obras consistirán na demolición do pavimento e beirarrúas existentes para a pavimentación dunha área de 430 metros cadrados de plataforma única de formigón en masa, tamén se executará a conexión coa rede de saneamento municipal e dos elementos de condución e recollida de augas pluviais.

Os fondos da Deputación servirán tamén para a adquisición dunha plataforma aérea telescópica con camión portador para a súa adscripción ao servizo eléctrico do Concello. Unha compra que permitirá un acceso máis rápido aos traballos de mante-

mento eléctrico, como a iluminación pública, sinais e mantemento de redes, permitindo un aforro económico e enerxético importante e reduciendo os tempos de resposta.

APROBADAS. O equipo de goberno aprobou en Pleno a renovación do firme do vial de acceso ao Grupo La Paz, unha actuación necesaria para mellorar a seguridade e a accesibilidade nesta zona residencial.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, asegurou que se trata dunha “actuación demandada polos veciños e veciñas desta zona e necesaria para levar a cabo un correcto mantemento das infraestruturas públicas, contribuíndo ademais a seguir adiante co noso proxecto dun modelo urbano actualizado e coidado”.

Pola súa banda, o equipo de goberno tamén presentou o proxecto de obra para a mellora do alumeadado público no polígono industrial Sete Pontes, proxecto dirixido a acadar un maior aforro e eficiencia enerxética. Esta intervención conta cunha subvención de 84.012,76 euros, e permitirá renovar a iluminación para atender as necesidades trasladadas pola Asociación de Empresarios do polígono.

EN BREVE



AVENIDA TERRA CHÁ. Comezaron as obras de integración dun sistema de sombra na avenida da Terra Chá, a través da instalación de plataformas elevadas nas que se plantarán árbores e se instalarán bancos.



TRAVESÍA DOS PASOS. Acometeuse unha actuación integral na Travesía dos Pasos, concretamente nunha das beirarrúas onde se atopa un solar cunha construción abandonada que xeraba continuas molestias á veciñanza polo crecemento da maleza e a acumulación de residuos.

ebdos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 498 / 623 552 876
ebdosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBDOS Obradoiro Doce

construferr
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

Detectan erros na facturación ao Concello das compañías eléctricas

O Concello de Vilalba vén de dar un novo paso para garantir a xustiza fiscal e a defensa dos intereses veciñais. Tras detectarse unha posible alteración nos datos de facturación presentados polas compañías eléctricas —base sobre a que se calcula a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local—, o goberno municipal contratou unha empresa especializada que elaborará un estudo de circunstancias para comprobar se existe fraude.

A taxa, regulada por unha ordenanza aprobada no 2019, establécese aplicando unha porcentaxe sobre a facturación da enerxía. Se as empresas estivesen a declarar cifras inferiores ás reais, estarían a pagar menos do que corresponde.



O estudo contratado permitirá esclarecer esta situación e, no caso de confirmarse o fraude, o Concello podería recuperar máis de 300.000 euros.

O contrato coa empresa encargada deste traballo ascende a 17.984 euros, mais este importe só se aboará

unha vez que o Concello recupere a totalidade da cantidade prevista.

Ademais, no caso de que a recadación efectiva sexa inferior ao 25% da estimación inicial, aplicarase unha regra de proporcionalidade e o Concello só pagará a parte correspondente.

Deste xeito, o estudo non suporá ningún custe directo para as arcas municipais e permitirá ao Concello defender con firmeza os recursos públicos que lle corresponden a Vilalba.

A alcaldesa destacou que esta medida “amosa a vontade do goberno local de non deixar pasar nin un euro que pertenza ao pobo de Vilalba” e engadiu que “seremos firmes coa defensa dos intereses da veciñanza fronte ás grandes compañías que se benefician do noso territorio”.

As piscinas pecharon esta segunda tempada cuns 9.000 usuarios

O Goberno fixo balance da tempada de verán nas piscinas exteriores da área recreativa da Madalena, inauguradas no ano 2024, que este ano recibiron un total de 8.800 usuarios e usuarias, cunha recadación de preto de 24.000 euros.

Rouco puxo en valor que preto de 700 persoas gozaron das piscinas de forma gratuíta en horario de 12:00 a 14:00 horas, grazas á iniciativa posta en marcha polo Concello para facilitar o acceso ás asociacións inscritas no Rexistro Municipal, “un xeito de abrir as portas da Madalena a colectivos moi diversos”.

Agosto foi o de maior afluencia, con máis de 3.000 usuarios e usuarias e unha recadación próxima aos 10.000 euros, coincidindo cos días de maior calor da tempada.

Respecto ao balance xeral das dúas primeiras tempadas, a rexedora lembrou que o ano pasado, con 15 días máis de apertura, rexistráronse preto de 10.000 visitantes e unha recadación superior aos 27.000 euros.

A alcaldesa aproveitou tamén para anunciar que nas vindeiras datas se iniciarán os trámites para renovar a concesión do bar da praia fluvial, cun contrato que sairá a licitación.

Luis Fernández, salientou que este ano se ampliou a zona verde, respondendo ás peticións dos usuarios e usuarias.

O Consorcio investirá en melloras no parque de bombeiros vilalbés

O Consorcio Provincial de Bombeiros de Lugo aprobou unha achega extraordinaria de case 2 millóns de euros para mellorar os seis parques da provincia e facer fronte á suba salarial acordada no convenio cos traballadores.

Na anualidade 2025 o Orzamento ascenderá deste xeito ata os 10,7 millóns de euros. A Deputación achega o 50% desta dotación económica e o outro 50% a Xunta.

No caso dos parques de Sarria, Chantada e Vilalba, os novos fondos permitirán ampliar as instala-

cións para dotalas dun espazo de almacenaxe; no caso de Barreiros actuarase sobre as filtracións de auga na terraza, reformarase a cuberta e o soportal, as humidades da fachada, pintaranse as paredes e os teitos interior e acondicionaranse os baños; en Monforte rehabilitarase a cuberta e os canlóns, revestiranse as fachadas e pintaranse as instalacións por dentro e por fóra; e en Viveiro acondicionase o chan do ximnasio. O custe conxunto destas obras superará os 700.000€.

Insua celebra o 25 a XVII Tasca do Liño para manter viva a tradición

A parroquia de Insua, no concello de Vilalba, acollerá o vindeiro 25 de outubro a XVII edición da Tasca do Liño. Organizada pola Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de Insua, coa colaboración do Concello de Vilalba, a Deputación de Lugo e o Centro de Artesanía e Deseño (CENTRAD), a xornada combinará demostracións, música, gastronomía e artesanía.

O programa comezará ás 11:00 horas coa apertura oficial e o pregón a cargo de Antón Tenreiro Ferreiro, activista político e artístico-cultural. A partir das 12:00 celebrarase a primeira demostración da Tasca do Liño, seguida, ás 13:00 horas, dun-



ha entrevista con Manuel Rodríguez Calviño sobre *Os espadeladores do liño*. Ás 14:00 terá lugar un xantar popular.

Pola tarde, a festa continuará cunha actuación do grupo Mestura de Nete ás 16:30 e unha nova demostración da Tasca do Liño ás 17:30. Ás 18:00 haberá unha degustación do cacho e ás 18:30 comezará a verbena galega D'antes con O Xeito e Airinhos da Freba. A xornada rematará ás 20:00 co espectáculo da queimada dirixido por Manolo Ferreiro.

Durante todo o día desenvolveranse obradoiros participativos de tinguidura, estampación en papel reciclado e cerámica. Tamén se poderá visitar unha exposición de traxes do Centrad da Deputación, ademais de postos de artesanía en vivo e a elaboración de filloas de Muimenta.



EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

982 22 58 70 - 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es
Rúa Camilo José Cela 13, Local 1, 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. Rúa Cántigas e Frores)

O servizo de Madrugadores deste ano chega ata o rural

O Concello de Vilalba reforza e consolida os servizos de xestión municipal que presta nos centros educativos no curso 2025/26. Entre as principais novidades, destaca que o servizo de Madrugadores chega por primeira vez ao rural e a apertura nas próximas datas do novo Punto de Atención a Infancia (PAI), con 20 prazas gratuítas de cero a tres anos. “Eran dúas demandas das familias de Vilalba que son unha realidade este curso, favorecendo a súa conciliación para que queden a vivir aquí e impulsando políticas que melloran a vida diaria das persoas”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco. O Concello de Vilalba destina un millón de euros a xestionar de forma directa servizos nos centros educativos, co citado servizo de Madrugadores en todos os centros de Infantil e Primaria de Vilalba (110 prazas). Nas parroquias, xa está operativo no CEIP Terra Chá e o concello ofreceu tamén no CEIP Monseivane, aínda que polo de agora non se presta por falta de demanda. O concello ofreceu tamén aumentar o número de prazas do servizo de Madrugadores nos CEIP Mato Vizoso e Insua Bermúdez, pero os centros non dispoñen de espazo para o incremento. “De cada ao vindeiro curso, estudaremos de novo a ampliación no Mato Vizoso e o Insua Bermúdez, e volveremos ofrecelo no Monseivane”, apunta Rouco. “Tamén son de xestión municipal o comedor da Escola de Educación Infantil e a Escola Infantil Municipal”, explica Paula Vigo, concelleira de Ensino de Vilalba. Á marxe destes servizos, o Concello destina, entre outras partidas, 70.000 euros ao convenio co Consorcio Galego de Benestar por ter unha escola infantil Galiña Azul en Vilalba e asume a limpeza dos centros.

O PP pide que se solicite de novo a distinción para a Feira do Capón

O PP urxe ao goberno local de PSOE e Vilalba Aberta a volver a tramitar a solicitude para a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Feira do Capón de Vilalba. Os populares lembran que “fai nove meses, a escasas semanas da celebración da feira do Nadal de 2024, o goberno local convertía en polémica esta tramitación cunhas declaracións que o único que pretendían era poñer a venda antes da ferida, acusando a outros para tratar de tapar a súa incompetencia á hora de tramitar este tipo de expedientes”. Cómpre aclarar que nove meses despois de que a Administración turística galega resolvese o arquivo da solicitude presentada polo Concello de Vilalba, declarándoo desistido por non atender na súa totalidade ao requirimento efec-

tuado, o Concello non iniciou ningún novo procedemento para solicitar a declaración de festa de interese turística galega, pese a que na resolución de desistencia xa se lle indicaba da posibilidade que tiña de volver presentar unha nova solicitude. O pasado mes de decembro, tras manter unha reunión cos criadores e criadoras de Capón, convidábase ao goberno de PSOE e Vilalba Aberta a volver a tramitar a solicitude, “tal e como a propia Xunta lles indicaba que se podía facer”. Os populares lembran que “foi o Concello o que desistiu de continuar coa tramitación ao non achegar a documentación esixida para cumprir cos requisitos que establece a normativa” e que se recollen no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, que regula estas declaracións.



Incorporan 5 vehículos na mellora do servizo de recollida de lixo e limpeza

O Concello conta con cinco novos vehículos para mellorar o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria. O novo contrato de recollida e limpeza, que entrou en vigor a principios de ano, contempla a adquisición de 11 vehículos (cinco para a recollida de residuos e seis para a limpeza viaria), ademais da renovación da totalidade dos colectores e papeleiras. Na presentación dos cinco primeiros vehículos, estiveron a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco; o concelleiro de Servizos, Eduardo Vidal; o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luís Fernández, e representantes da empresa FCC e a UTE Vilalba Limpo. “Hoxe damos un paso importante na posta en marcha do novo contrato de recollida e limpeza, cunha aposta clara pola nosa parte para mellorar o servizo tanto no casco urbano como nas parroquias, adaptándoo a realidade actual de Vilalba e dando resposta ás demandas veciñais”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco. Xa forman parte do servizo dous camiós co sistema de recollida de carga traseira, cunha elevada manio-brabilidade e elevada carga específica, especialmente pensados para a recollida de residuos na zona rural. O seu tamaño permite acceder a

toda a rede de camiños municipal, facendo máis áxil o servizo de recollida. Os outros tres vehículos son para a limpeza viaria. Por unha parte, unha barredora de beirarrúas de alta capacidade, o modelo máis recente do mercado, equipada con terceiro cepillo, insonorizada e con sistema de recirculación de aforro de auga. A varredora ten o tamaño máis adecuado para o entramado viario de Vilalba, permitindo que traballe sobre beirarrúas e zonas peonís. Conta cunha elevada capacidade de aspiración para o varrido de residuos en eventos. Presentouse un furgón hidrolimpador con auga quente de alta presión que permite facer limpeza localizadas de forma autónoma, eliminando a porcallada incrustada e as manchas, e unha furgoneta de inspección eléctrica para facer labores e seguimento de vixilancia do servizo. A totalidade dos vehículos incorporan as últimas tecnoloxías do sector en aspectos como emisións, ruídos, ergonomía e eficiencia xeral, adquiríndose tamén vehículos cero emisións. A compra dos cinco vehículos supuxo un investimento de 513.624 euros.

FEIRA DO INDIANO



A Deputación de Lugo reafirmou o seu compromiso coa posta en valor do patrimonio cultural e histórico da provincia colaborando con 4.000 euros na organización da Feira do Indiano e das Xornadas sobre Migracións Indianas que se celebraron este sábado na Casa Habanera de Santaballa, en Vilalba, cun amplo programa de actividades culturais deportivas e gastronómicas.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS TIMKEN BZ

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY

RYS SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

Conciliar para vivir en Vilalba

A alcaldesa, Marta Rouco, impulsou diferentes medidas "para facilitar o día a día das familias", como o reforzo do servizo de Madrugadores ou o novo PAI

A alcaldesa do Concello de Vilalba, Marta Rouco, tiña moi claro hai dous anos, cando accedeu ao cargo, que as políticas para facilitar o día a día das familias serían unha prioridade de goberno.

"Se queremos fixar poboación e que a xente quede a vivir en Vilalba, temos que escoitar as demandas das familias e poñer en marcha servizos públicos e iniciativas que fomenten a conciliación", asegura.

Un dos servizos máis importantes para conciliar é o de Madrugadores nos centros educativos, que o goberno local socialista de Vilalba xestiona desde o ano 2021. "Con este servizo, permitimos que as nais e os pais poidan chegar aos seus postos de traballo, algo básico na sociedade actual", engade a alcaldesa.

"O que queremos é que o servizo vaia adaptándose continuamente ás necesidades das familias, en función tamén das posibilidades dos centros", sostén.

De feito, o concello iniciou este curso cun aumento de prazas, ata as 110, chegando ademais por primeira vez a un colexio do rural, o CEIP Terra Chá (no CEIP Monseivane ofertouse tamén, pero non hai polo momento suficiente demanda).

Antes de rematar setembro, dando resposta ás últimas demandas das familias, a alcaldesa xa anunciou a decisión de modificar o contrato para ofertar 20 prazas máis de Madrugadores no CEIP Mato Vizoso, das que 11 xa se solicitaron e están en lista de agarda.

Por outra parte, na Escola de Educación Infantil de Vilalba haberá un terceiro monitor para atender de forma correcta ao alumnado con necesidades especiais.

Comedor

O actual goberno local de Vilalba fixo tamén de xestión municipal o comedor da Escola de Educación Infantil, que este curso ofrece 70 prazas en dúas quendas para nenos e nenas de 3 a 6 anos.

O número de prazas foi tamén aumentando para atender as solicitudes presentadas polas familias. O servizo é totalmente gratuito para unidades familiares cunha renda familiar anual inferior a 7.000 euros e ten un custe diario de 1 euro, 2'50 euros ou 4'50 euros dependendo do baremo da renda anual no que se atope a unidade familiar.

"Outra política de conciliación, un servizo educativo complementario que constitúe un instrumento imprescindible para o día a día de moitas familias", engade Rouco. Os menús están elaborados atendendo ás necesidades nutricionais dos usuarios/as do servizo.

PAI

Ademais, Vilalba contará xa este curso cun novo Punto de Atención á Infancia (PAI), con 20 prazas de 0 a 3 anos. Esta mesma semana está previsto o remate das obras e a chegada do mobiliario, co obxectivo de proceder a solicitar á Xunta de Galicia a correspondente licenza de apertura.

No comezo do curso 2023/2024, Marta Rouco mantivo varias reunións coas familias que quedaran en lista de agarda nas escolas infantís da vila e tamén un encontro coa Xunta "para solicitar á consellería o incremento das prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos en Vilalba, que é unha competencia autonómica, pero o goberno galego díxonos a única solución pasaba por facer un proxecto e solicitar unha subvención para abrir o PAI".

Esta subvención da Xunta chegou despois de meses de traballo e xestións por parte da alcaldesa, apoiando sempre as demandas dos pais e nais. Unha vez posto en marcha o centro, será o concello a que asuma a xestión e o mantemento.

De feito, o Concello de Vilalba destina un millón de euros a xestionar de forma directa servizos nos centros educativos, unha prioridade para o goberno local para reforzar a conciliación, "pero tamén outro exemplo de que o concello asume excesivas competencias impropias que lle deberían corresponder á Xunta", engade Marta Rouco.

Tamén é de xestión municipal a Escola Infantil Municipal e o Concello de Vilalba destina 70.000 euros anuais ao convenio co Consorcio Galego de Benestar por ter unha escola infantil Galiña Azul en Vilalba.

Outras medidas de conciliación xestionadas polo concello son os campamentos de Nadal e verán, así como outras actividades de lecer para a infancia que desenvolve ao longo do ano.

"Seguiremos traballando para que Vilalba sexa un bo lugar para vivir, traballar e conciliar, o meu obxectivo é que a veciñanza teña claro que a súa alcaldesa escoita as súas preocupacións e quere buscar solucións para os seus problemas", remata.



Concello
de Vilalba



O PIE logrou a inserción laboral da metade dos alumnos participantes

Celebrouse na Casa Dopeso o acto de clausura do VI Programa Integrado de Emprego (PIE) impulsado polo Concello das Pontes, en colaboración cos Concellos da Capela e As Somozas.

Durante o acto, no que se fixo entrega dos diplomas ás persoas participantes, contou se coa presenza da representación dos Concellos responsables, da Delegación Territorial da Xunta de Galicia, así como o equipo técnico, profesorado, e representantes das empresas colaboradoras, que acolleron prácticas formativas non laborais.

O PIE 2024-2025 contou coa partici-

pación de 111 persoas desempregadas, das cales 74 completaron todas as fases da formación, e 37 xa están inseridas no mercado laboral.

Durante os 12 meses de duración do programa, executáronse na súa totalidade as 16 accións formativas previstas, das incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE, cabe destacar os cursos de Monitor/a de tempo libre, carpintería metálica, limpeza de instalacións industriais, entre outras.

Tamén se impartiron 10 sesións grupais de formación laboral e 18 persoas realizaron prácticas non laborais en empresas locais.

A Deputación achega uns 340.000 euros para a estación náutica

A Deputación da Coruña vén de sacar a licitación as obras de acondicionamento do terreo e acceso á auga para a futura estación náutica no lago das Pontes, cun investimento de 340.536,35 euros procedentes dos fondos europeos Next Generation que o Goberno de España destina a impulsar un modelo de turismo sostible nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

As obras contemplan a creación dunha explanada dotacional de máis de 3.800 metros cadrados que permitirá a práctica de actividades náuticas e deportivas. Este espazo contará cunha zona de escaleiras e gradas para o acceso de embarcacións de remo como kaiaks, así como cunha rampla de ata 14 metros de ancho destinada a barcos de vela lixeira e lanchas pneumáticas de apoio. O proxecto inclúe ademais a instalación de servizos de electricidade, abastecemento, drenaxe e saneamento, cun sistema específico para a recollida e bombeo das augas empregadas na desinfección obrigatoria das embarcacións.

As actuacións tamén prevén a execución de muros de escollera de contención, unha zona de limpeza e desinfección das embarcacións de 50 metros cadrados, novos elementos de seguridade como varandas e sinalización vertical, e a dotación de iluminación pública mediante proxectores LED de baixo consumo enerxético.

O proxecto insírese nun ambicioso plan que prevé unha inversión global de 3 millóns de euros para impulsar iniciativas sostibles en Ferrolterra, Eume e Ortegal. Entre elas figuran tamén melloras nas Fragas do Eume e no proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, co obxectivo de consolidar un modelo turístico diferenciado, ligado á calidade ambiental, ao deporte e á experiencia cultural.

OUTRAS OBRAS. O Concello das Pontes vén de dar por rematadas



as obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa da Balsa, unha actuación financiada pola Deputación da Coruña cun investimento de 109.053 euros.

O alcalde das Pontes, acompañada polo presidente da Asociación Veciñal Beira do Eume, visitou esta semana o tramo reformado para supervisar o resultado final dunha intervención que tiña como obxectivo mellorar a accesibilidade e renovar os servizos públicos nesta zona do núcleo urbano, concretamente no tramo comprendido entre a rúa Tras da Ponte e a rúa Eume.

Tamén se iniciaron as obras de mellora da beirarrúa e servizos na marxe dereita da Rúa Rego do Muíño, un proxecto cun orzamento de 179.465,80 €, financiado pola Deputación da Coruña.

Estas actuacións teñen como obxectivo a renovación dos servizos urbanos de saneamento e alumeadado, así como a mellora do pavimento da beirarrúa. Os traballos inclúen a demolición do pavimento actual de baldosas hidráulicas e a colocación dun novo con características similares ás empregadas noutras intervencións recentes na contorna.

Ademais, o proxecto contempla a supresión de barreiras arquitectónicas e desniveis para garantir a accesibilidade universal, facilitando así o desprazamento de persoas con mobilidade reducida.

O Concello iniciou as obras de reurbanización da Praza do Barreiro que comezaron co valado da zona e a retirada dos elementos do parque infantil.

As obras contemplan unha actuación integral destinada a transformar a actual Praza do Barreiro nun espazo público máis funcional, accesible, seguro e sostible.

Outra das obras en marcha foi a apertura do proceso de licitación da mellora de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre o número 99 e o cruce coa rúa Cabanas, no centro urbano da vila.

As actuacións contan cun orzamento de 166.538,11 euros e serán financiadas con fondos da Deputación da Coruña para a renovación integral das beirarrúas e a substitución das instalacións de saneamento e iluminación, actuando sobre ambas marxes da rúa.

RURAL. Por outra banda, o Concello aprobou o expediente de licitación do proxecto de mellora do pavimento no camiño que une Cabeza de Fornos e Casas Ermas, na parroquia de Aparral. O investimento desta actuación ascende a 60.164,08 euros e está financiado pola Deputación da Coruña. As obras previstas contemplan a limpeza xeral das cunetas, o reafirmado dos bordos e o rebacheo xeral da superficie.

PREMIOS ATRÉVETE A TER UNHA IDEA



Foron entregados en Santiago os premios dos certames Atrévete a ter unha idea, que recaeron nas Pontes. Na modalidade grupal de Primaria foron vencedores os equipos dos colexios Plurilingüe A Fraga e A Magdalena. No caso de Educación Secundaria, na modalidade individual resultaron gañadores proxectos dos institutos Eduardo Pondal (Santiago) e do Castro da Uz.






**POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCONTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA**








CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



O parque de bombeiros recibe un novo camión con autoescada

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso; o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, Diego Calvo, e o director xeral de Emerxencias, Santiago Villanueva, participaron esta mañá na sede do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento en Carballo no acto de entrega de dous novos camiós con autoescada que prestarán servizo nos parques comarcais de bombeiros de As Pontes e Arzúa. No acto participou tamén o xerente do Consorcio, José Luís Barca. Con esta adquisición, todas as comarcas da provincia da Coruña nas que interveñen os bombeiros do Consorcio contan xa cun vehículo de rescate en altura, o que supón un fito na cobertura do territorio e na capacidade de resposta ante emerxencias.

Formoso destacou que o Consorcio presta “un servizo público esencial, moi valorado pola cidadanía, que require un importante esforzo inversor tanto en medios materiais como humanos”. Neste sentido, subliñou que a compra destes dous vehículos supuxo un investimento de 330.000 euros, que se suma ao reforzo de persoal previsto para o exercicio 2025-2026, cun incremento de 50 efectivos e a aplicación de melloras

salariais para os bombeiros.

“Estamos ante unha aposta ambiciosa e compartida entre Deputación e Xunta para dotar os parques comarcais dos mellores medios posibles”, afirmou o presidente provincial.

Vehículos adaptados para rescate e intervencións en altura

Os dous camiós autoescada adquiridos polo Consorcio son de segunda man e foron asignados ao parque de Arzúa —que contará por primeira vez cun vehículo destas características— e ao de As Pontes, onde substituirá ao antigo autobrazo retirado por avaría grave.

Trátase de dous vehículos montados sobre chasis MAN e SCANIA, con autoescadas hidráulicas de 4 tramos extensibles, capaces de alcanzar os 32 metros de altura. Dispón dunha cesta desmontable cunha capacidade de ata 270 kg (3 persoas), torre xiratoria de 360 graos, armarios laterais para material auxiliar, e sistemas avanzados para facilitar as tarefas de rescate, salvamento e extinción de incendios en altura.

Con esta adquisición, o Consorcio continúa a modernización do seu parque móbil e reforza a seguridade e operatividade nos dez parques comarcais que cobren o territorio da provincia da Coruña.

O Pleno pontés aproba a RPT logo de varios anos

O Pleno do Concello de As Pontes aprobou, cos votos a favor do PSOE e o PP e abstención do BNG, a primeira Relación de Postos de Traballo (RPT) da historia do municipio, un documento esencial para modernizar a estrutura da administración local, ordenar funcións e responsabilidades e garantir unhas condicións laborais máis xustas para o conxunto do persoal municipal.

Durante a sesión plenaria ordinaria, a concelleira responsable da área, Ana Pena apuntou que “o Decreto 5/2015 fixou a obrigatoriedade de que todas as administracións públicas contan cunha RPT. Ata agora As Pontes non dispoñía deste instrumento, a pesar dos distintos intentos realizados nos últimos anos. Coa aprobación deste documento cúmprese unha demanda histórica tanto do persoal como dos sindicatos, que participaron no proceso de negociación colectiva”.

A nova RPT permitirá equiparar categorías, reducir desigualdades salariais moi pronunciadas e recoñecer funcións e responsabilidades que ata o de agora non estaban debidamente recollidas. Así, establécense melloras salariais que oscilan entre o 3,4% e o 6,6%, garantindo unha distribución máis equilibrada e digna.

Pola súa banda, Valentín González Formoso, sinalou que “hoxe é un día moi importante para o Concello das Pontes. A aprobación da primeira RPT supón dar resposta a unha necesidade histórica: ordenar a administración local, mellorar as condicións laborais do persoal e, ao mesmo tempo, reforzar a calidade dos servizos que prestamos á nosa veciñanza. O noso obxectivo é que esta ferramenta sirva para crear unha administración máis moderna, eficiente e próxima, capaz de responder ás demandas actuais e futuras da cidadanía.”

Puntadas con Agarimo convoca obradoiros creativos

A asociación Puntadas con Agarimo organiza o vindeiro 26 de outubro uns obradoiros creativos dirixidos por Crafty Lu, que se desenvolverán no local situado na Rúa Narón número 13, baixo, nas Pontes.

A xornada contará con dúas propostas diferenciadas. Pola mañá, de 10:00 a 13:00 horas, terá lugar un taller de bordado sobre tecido. Xa pola tarde, de 16:00 a 19:00 horas, as persoas participantes poderán aprender a elaborar un boneco feito a calceta.

O prezo por taller, incluíndo o material, é de 30 euros para persoas socias e de 35 euros para non socias. As prazas son limitadas, polo que desde a organización recomendan inscribirse con antelación.

As persoas interesadas poden solicitar máis información e realizar a súa inscrición a través do teléfono 658 961 505 (Vero) ou directamente na Óptica Callao As Pontes.

Covocan un taller de costura para fomentar a reutilización téxtil

Ponse en marcha un obradoiro de costura centrado na reutilización e aproveitamento téxtil. A actividade terá lugar todos os mércores, en horario de 10:00 a 13:00 horas, nas instalacións de Cáritas As Pontes.

O curso, impartido por Carmen Bellas, ofrece a posibilidade de aprender técnicas de costura orientadas á creatividade e á sustentabilidade, dándolle unha segunda vida ás pezas de roupa e tecidos.

A participación é gratuíta pero as prazas son limitadas. As persoas interesadas poden obter máis información e formalizar a súa inscrición chamando ao teléfono 688 793 418.

PREMIO LITERARIO



A Biblioteca Provincial da Coruña acolleu a entrega dos premios do certame literario #HoxeEscriboEn 2025, organizado polas áreas de Cultura e Turismo en colaboración coa propia biblioteca. O primeiro premio foi para Xosé María López Fernández, veciño das Pontes, polo relato O fío no tempo, unha obra inspirada no mosteiro de Monfero.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

LU-541, Rabade
Casa rural | 2 Dorm | 2 Baños | 120 m²
A unos tres minutos de Rabade (Lugo), en dirección a Vilalba (Lugo) se vende casa para reformar, que dispone de dos habitaciones y sala, cocina y un baño y un aseo.

65.000 €

Conde Pallares, Villalba
Edificio residencial | 330 m²
Se vende edificio compuesto por bajo y dos plantas. El bajo está destinado a garaje, en el que caben al menos cuatro vehículos. El primer piso está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y amplia terraza cubierta. Este piso está amueblado. El piso segundo está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. Este piso presenta un estado de conservación, que precisa alguna reforma. Las viviendas tienen calefacción de gasoil y en el precio se incluye el terreno que hay a la espalda del edificio.

170.000 €

Avda. Bellavista, Cervo
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 116 m²
En Leiro, San Ciprian, se vende piso de tres habitaciones y sala, dos baños cocina-comedor. Dispone de calefacción, un trastero y esta situado cerca de la playa. Es un cuarto sin ascensor; pero con la posibilidad de ponerlo.

79.000 €

Campelos, Villalba
Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m²
Vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. Ideal para casa de turismo rural, se encuentra cerca del camino de Santiago. En la planta baja esta la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un apéndice de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

340.000 €

Calle Concepción Arenal, Villalba
Casa/Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 220 m²
Vivienda unifamiliar repartida en cuatro plantas. En la planta baja está el garaje, en planta primera está la cocina equipada, sala, una habitación y un baño, en planta segunda están dos dormitorios amplios y un baño. El bajocubierta se encuentra sin divisiones. Está incluido todo el mobiliario.

150.000 €

Calle San Roque, Villalba
Ático | 4 Dorm | 3 Baños | 200 m²
Piso de 156 m², con una terraza cubierta de unos 27 metros más. Dividido en cuatro dormitorios, tres baños, cocina, sala y terraza cubierta. Dispone de una plaza de garaje en el sótano del mismo edificio, ascensor y dos trasteros, uno junto a la plaza de garaje y otro en el bajo cubierta.

250.000 €

Calle de Plácido Peña, Vilalba
Terreno Urbano (solar) | 4.291 m²
Se vende parcela de unos 4200 metros, de la que se pueden segregar un mínimo de dos parcelas edificables en las que se pueden hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso en cada una de ellas.

99.000 €

Calle Campo de Puente, Villalba
Edificio residencial | 476 m²
Se vende edificio céntrico, a reformar, de planta baja, sótano, dos pisos y un bajo cubierta. A sus espaldas tiene un terreno de unos 100 metros cuadrados, en el que hay una construcción en mal estado de 34 metros cuadrados. La edificabilidad de la zona es planta baja y cinco pisos más ático.

175.000 €

Calle Cidade de Lugo, Villalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 105 m²
Se vende piso amueblado, con muy poco uso, de 3 dormitorios, cocina-salón, dos baños y terraza. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, una amplia plaza de garaje en el mismo edificio y un trastero.

135.000 €

Francisco Javier Roca Edreira • Maria Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

O Concello impulsa a creación dun centro apícola en Goente

O Concello das Pontes e a Asociación A Casa do Mel veñen de dar un paso decisivo para a creación do Centro Apícola e de Produtos Agroalimentarios de Goente, un proxecto estratéxico que nace co obxectivo de fortalecer o tecido agroalimentario local, impulsar a formación e a innovación no rural e garantir a posta en valor do mel galego con selo de calidade.

A nova infraestrutura, que se situará na parroquia de Goente, combinará actividades de produción e transformación de mel baixo a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia, a comercialización de produtos locais, e tamén contará cun espazo dedicado á formación de persoas mozas, á investigación aplicada e ao control de calidade apícola, poñendo o acento na sustentabilidade e no desenvolvemento rural.

O impulso ao proxecto materializouse coa aprobación, durante a sesión plenaria ordinaria de setembro, con votos a favor de PSOE e o PP e a abstención do BNG, dun convenio

de cooperación institucional entre a administración local e a Asociación A Casa do Mel, polo cal o Concello contribuirá con 60.000 euros ao financiamento da adquisición da parcela e o inmoible onde se emprazará o futuro centro.

A parcela, cunha superficie de 1.545 metros cadrados e localizada nas inmediacións da estrada AC-564, alberga varias construcións que serán rehabilitadas, e será destinada a uso público durante un prazo mínimo de dez anos, garantindo así a súa accesibilidade e impacto comunitario.

O proxecto contempla a construción

dun novo edificio de 500 m² dividido en tres grandes áreas funcionais como un área de comercialización e venda directa, con espazo para produtos locais, degustacións e accións formativas; un área técnica e de innovación, con obradoiro de extracción e envasado de mel, laboratorio e zona de I+D+i para o desenvolvemento de produtos derivados da colmea, e servizos comúns: oficinas, vestiarios, almacéns e zona técnica.

A nova infraestrutura situarase a escasos metros do actual Centro de Divulgación Apícola de Goente e moi preto da entrada ás Fragas do Eume.

As Pontes inicia o seu programa micolóxico Terra de Cogomelos

A concelleira de Turismo, Hostalería e Comercio, Elena López, acompañada polo presidente da Asociación Micolóxica Poupariña, Miño Guerreiro, e o responsable da empresa Deloga, Ismael Blanco, presentou esta mañá, na Casa do Concello, a programación da quinta edición de “As Pontes, Terra de Cogomelos”, un ciclo de actividades centradas na micoloxía que, un ano máis, encherá o outono de vida, sabor e coñecemento.

Este consolidado programa naceu co obxectivo de achegar á veciñanza a cultura micolóxica, fomentar o coñecemento dos cogomelos e os seus aproveitamentos, e promover un recurso natural cun gran poten-

cial gastronómico, turístico e económico para a comarca.

A programación de “As Pontes, Terra de Cogomelos 2025” inclúe máis dunha ducia de actividades totalmente gratuítas, que arrancaron coa apertura do prazo para participar no I Concurso de Fotografía Micolóxica.

Os faladoiros formativos, con presenza de recoñecidos expertos, celebraranse os días 3, 10 e 24 de outubro, e 7 de novembro, na Casa Dopeso. O programa tamén inclúe paseos micolóxicos para expertos, familias, escolares e afeccionados; unha ruta fotográfica micolóxica con Daniel Puente; e actividades pensadas especialmente para o sec-

tor hostaleiro, como as microxornadas de cociña e a xa clásica Ruta de Sabores pola Hostalería das Pontes, prevista para novembro.

Os días 1 e 2 de novembro celebrase a XXXV Feira de Fungos e Cogomelos, que incluírá obradoiros para pequenos e adultos, ademais dos tradicionais certames de receitas con cogomelos, tanto para profesionais como para afeccionados.

Cultura micolóxica para todas as idades

Desde a asociación, tamén se organizarán xuntanzas micolóxicas semanais, abertas ao público e pensadas para compartir coñecementos, identificar especies e fomentar a aprendizaxe continua.

A Lareira

Taberna Galega

Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL 2025

Trécola Producións · Xamón Producións · Ítaca Teatro
Ubú Teatro · Teatro do Miolo · Señor López Producións
Satori Teatro · Lílâ Teatro · Bátega Teatro · Mircromina
Títeres · A Compañía Solitaria do Dr. Monifate · Loia
Producións · Tarabela Creativa · Bengala Teatro Físico
Enésima · ZoeVixion



DEPUTACIÓN
DE LUGO

VICEPRESIDENCIA



Cultura

cospeito

A Pena organiza unha mostra de artistas e artesáns

A Asociación Veciñal A Pena de Santa María de Cospeito prepara unha nova iniciativa cultural coa que quere poñer en valor o talento local. Trátase dunha mostra colectiva na que veciños e veciñas do concello darán a coñecer as súas creacións artísticas e artesanais, abrindo unha ventá á diversidade de propostas que se fan no propio municipio.

Na exposición, que poderá visitarse os días 25, 26 e 27 de outubro na Biblioteca da Casa da Cultura da Feira do Monte, haberá pintura, marquetaría, talla en madeira, cosmética artesanal, deseño, crochet e outras disciplinas que amosan a creatividade e a riqueza cultural de Cospeito.

Desde a asociación subliñan que a mostra quere ser un punto de encontro entre artistas, artesáns e público, ademais de servir como escaparate para dar visibilidade a aquelas persoas que desenvolven o seu traballo de maneira máis discreta.

Adxudicadas as obras da rúa Curros Enríquez

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestrutura adxudicou por un importe de 433.565 euros a execución das obras de ensanche e mellora da rúa Curros Enríquez, no lugar da Feira do Monte, no concello de Cospeito.

A actuación que se vén de adxudicar á empresa Novavial, consistirá na ampliación da plataforma e o reforzo de firme, así como na habilitación de beirarrúas e dotación de nova iluminación, da citada rúa da parroquia de San Xoán de Sistallo, localizada na contorna de protección de Cruceiro e da Ermida do Monte e, que entronca coa vía autonómica LU-111.

En detalle, intervívase no treito da rúa entre o centro de día ata a glorieta da citada estrada. Deste xeito, as obras teñen como obxectivo a ampliación da plataforma da rúa e o reforzo do firme, incluíndo o soterrado dos servizos aéreos.

Contémplase tamén a substitución dos farois existentes por un sistema novo de alumeadado público.

Trátase dunha contorna onde se sitúan dotacións como o colexio e o citado centro de día, ademais da igrexa de Virxe do Monte, de xeito que a intervención, que ten un prazo de execución de seis meses, mellorará o acceso da veciñanza a estes equipamentos.

Esta obra enmárcase no Plan Hurbe da Administración autonómica, que apoia aos concellos para financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, de xeito especial humanizacións e mellora de espazos e equipamentos públicos.

A través do convenio asinado ao abeiro do Plan Hurbe, o departamento que dirixe María M. Allegue financiará estes traballos coa achega do 70% do orzamento, mentres que o Concello de Cospeito achegará o 30% restante.

A formación básica do móbil chega ás parroquias

Varias parroquias do Concello de Guitiriz acollerán unha formación completamente gratuíta sobre o manexo do teléfono móbil. Trátase dunha actividade que forma parte do proxecto E para dixitalizarse Lugo da Deputación de Lugo.

A actividade desenvolverase en cinco parroquias do concello, con varias datas programadas en cada unha delas, tendo unha duración total de 20 horas.

Na parroquia dos Vilares, as sesións impartiranse os días 6, 8, 13, 15, 20, 22, 27 e 29 de outubro e o 3 e 5 de novembro, en horario de 11:00 a

13:00 horas, na Escola da Conchada. En Parga terá lugar os días 7, 9, 14, 17, 21, 24, 28 e 30 de outubro e o 4 e 7 de novembro, tamén de 11:00 a 13:00 horas, na Escola das Nenas. Na parroquia de Pígaro, celebrárase os días 10, 12, 17, 19, 24 e 26 de novembro, así como o 1, 3, 10 e 15 de decembro, en horario de 11:00 a 13:00 horas, na Escola de Pígaro. En Pedrafita, as sesións terán lugar os días 11, 13, 18, 20, 25 e 27 de novembro, e o 2, 4, 9 e 11 de decembro, de 11:00 a 13:00 horas, na Escola de Pedrafita. En Mariz serán en xaneiro e febreiro.

EN BREVE



PECHE DE EMPRESA. O Concello de Guitiriz manifestou publicamente o seu apoio aos traballadores e traballadoras de Tivaygasa tras o anuncio repentino do peche da empresa, que deixa sen emprego a unha vintena de persoas. Dende o primeiro momento, tanto a CIG, sindicato con representación na firma, como o propio Concello, cuestionaron a medida e reclamaron aos responsables da compañía unha explicación clara e transparente.



RECICLAXE. O Pazo dos Deportes de Lugo foi o escenario do acto de entrega dos premios do III Concurso Ningún Aro Sen Rede. Os centros premiados pola maior cantidade de material recollido foron en primeiro lugar o colexio Plurilingüe Franciscanos de Lugo (20,8 kg), representado polo seu director David Méndez Ferreiro, xunto ao CEIP Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz (12,2 kg), representado polo seu director Jorge J. Montero Formoso.

A Moexmu acollerá en abril o XXXIV Concurso Autonómico de Gando Frisón

A comisión organizadora da XLII Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu) continúa coas súas reunións de traballo para ultimar os preparativos da cita que se celebrará os días 10, 11 e 12 de abril de 2026.

A data de celebración tivo que ser modificada nesta ocasión para non coincidir coa Semana Santa.

Nesta nova edición desenvolveranse tamén o XL Concurso de Gando Frisón, a XL Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXX Poxa de Gando Selecto, consolidando o evento como unha das referencias máis importantes do sector gandeiro galego.

Esta nova convocatoria marca ademais o inicio da oitava rotación do grupo de empresarios e empresa-

rias de Muimenta que se encargan da organización da feira, un sistema que garante a continuidade e a implicación da veciñanza na promoción do rural.

A xunta directiva de Fefriga confirmou que o Recinto Feiral Manuel Vila acollerá tamén o XXXIV Concurso Autonómico de Gando Frisón no mes de abril, coincidindo coa Moexmu. Trátase dun recoñecemento ao labor desenvolvido durante máis de catro décadas pola comunidade de Muimenta, especialmente polo seu tecido empresarial, que mantén vivo este escaparate do mellor gando e da actividade agropecuaria galega.

Este mes de outubro está prevista

unha nova reunión entre Fefriga, a comisión organizadora e a xerencia da Moexmu para avanzar na coordinación das distintas actividades. Será a segunda ocasión en que a provincia de Lugo acolla este concurso autonómico, despois da exitosa edición celebrada tamén en Muimenta no ano 2022.

A organización da mostra conta coa colaboración do Concello de Cospeito, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia, Progrando, o Grupo Aresa, as cooperativas CLUN, Pienso Nafor, así como de diversas entidades financeiras e empresas vinculadas ao sector gandeiro, que contribúen a reforzar o papel de Muimenta como punto de encontro clave para a promoción do rural galego.

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062

NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES

REVUELTOS DE BAPIL ALCO PÍCAR

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS

PASTAS RAXO PATATAS

ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

SABOREAR TORTILLAS

Parga estrea a primeira Feira de Nadal da man do CEIP e da ANPA

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos e o Colexio de Parga puxeron en marcha unha iniciativa coa que queren dinamizar a vida social e cultural da localidade: a celebración dunha Feira de Nadal. O evento desenvolverase nas instalacións da Feira de Parga os días 20 e 21 de decembro e ábrese xa o prazo de inscrición para artesáns e creadoras.

A idea xorde ante a ausencia de propostas semellantes na contorna e co convencemento de que o colexio é “o verdadeiro dinamizador da vida no pobo”. Non en balde, ao longo dos últimos anos a comunidade educativa ten impulsado un amplo abano de actividades: encontros interxeracionais, a celebración do magosto, o 50 aniversario do centro, sesións de teatro ou festivais. Agora, coa Feira de Nadal, queren dar un paso máis e ofrecer á veciñanza unha alternativa cultural e festiva que, ademais, poida consolidarse no



tempo.

O horario será de 16:00 a 21:00 horas e a programación inclúe propostas para todos os públicos. Habrá obradoiros, contacontos, xogos para os máis pequenos, postos de artesanía, música en directo e as atraccións máis tradicionais que acompañan sempre estas datas. Non faltará tampouco un dos grandes reclamos da tarde: os churros con chocolate, convertidos xa na estrela da feira.

O propio colexio contará con tres postos propios. Un deles estará dedicado ao Proxecto Documental Integrado (PDI) que este ano xira arredor dos romanos e os castrexos; outro mostrará o traballo realizado no marco do proxecto LOVA, La Ópera Vehículo Aprendizaxe, no que a ópera serviu como vehículo de aprendizaxe; e o terceiro recadará fondos para a excursión de fin de curso do alumnado que remata ciclo.

Arrancan as actividades deportivas municipais con máis de 450 inscritos

O Concello de Guitiriz volveu poñer en marcha este ano a programación das Escolas Deportivas Municipais cunha das ofertas máis completas e variadas da comarca. En total, son 460 veciños e veciñas os que xa se anotaron nas diferentes propostas, confirmando o bo nivel de participación e o interese que esperta o deporte no municipio chairego. O programa combina disciplinas clásicas como o fútbol sala ou a ximnasia rítmica con outras opcións como patinaxe, pilates, ioga, zumba, aerobio, step, ximnasia para adultos, pádel, tenis de mesa, tiro con arco, atletismo e campo a través.

As actividades repártense entre Guitiriz e Parga, ofrecendo diferentes quendas de mañá e de tarde para facilitar a conciliación, sobre

todo no caso das persoas adultas. No apartado infantil e xuvenil, a programación é igualmente diversa. O fútbol sala continúa a ser unha das disciplinas máis demandadas, con equipos en categorías que van desde biberón ata cadete. Xunto con el, gañan peso propostas como a ximnasia rítmica, o pádel ou a patinaxe, que xa están plenamente consolidadas. Un claro exemplo disto é o pádel, que conta con seis grupos diferentes.

Ademais, a rapazada pode escoller outras modalidades como zumba infantil, tenis de mesa, tiro con arco e atletismo/campo a través, estas dúas últimas grazas á colaboración do Club de Atletismo Guitiriz e do Club de Tiro con Arco Guitiriz.

Abriuse un novo prazo de inscrición, ata o 17 para cubrir vacantes.

‘Pura’ e ‘Le Chant du Saz’ gañan o Festival de Roca

O XII Festival de Cine de Roca pechou a súa edición coa coincidencia total entre o xurado e o público á hora de escoller as curtametraxes gañadoras. O premio do público á mellor curtametraxe galega recaeu en *Pura*, de Carmen Méndez, que tamén levou o premio especial Deleite do xurado na mesma categoría. Na sección de obras non galegas, o galardón do público e o

premio especial Deleite do xurado foron para *Le Chant du Saz*, de Naomi Les Une Nuit.

A organización agradeceu a Deleite, á Vicepresidencia da Deputación de Lugo, ao Concello de Guitiriz, a Iberik Hoteles, ao MVMC de San Xiao de Roca e ás colaboracións individuais polo seu apoio, fundamental para que o festival continúe medrando ano tras ano.

A Deputación aportará a Guitiriz máis de 50.000 euros para diferentes obras

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un investimento de máis de 2 millóns de euros para a mellora de vías e servizos na provincia. Entre as cuestións que se sacaron adiante destacan tres convenios de colaboración con Alfoz, Guitiriz e Negueira de Muíñiz; a licitación dunhas obras e a mellora viaria na parroquia de Conforto, na Pontenova.

En Guitiriz a Deputación achegará

52.165,25 euros para axudar no financiamento dos gastos derivados da execución de diferentes obras encamiñadas á mellora do polígono industrial e á rede de saneamento do municipio. No que ten que ver co polígono, a Deputación colaborará na mellora da repavimentación do firme e na instalación de contedores. E no que ten que ver co saneamento axudará a financiar a reparación de

pozos nas rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo.

Ademais, na EDAR, os fondos servirán para colaborar na implantación da xestión dixital, o que permitirá controlar o cadro de bombas e o caudalímetro da entrada. Tamén se substituirá a sonda de oxíxeno. A achega súmase a máis de 150.000 euros de Fondos Europeos para que Guitiriz poida facer estas melloras.

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

O Concello de Guitiriz rexeita o peche de Tivaygasa e reclama garantías para manter os postos de traballo

O Concello de Guitiriz expresa a súa fonda preocupación e o seu total rexeitamento ante o anuncio de peche da empresa Tivaygasa, unha decisión que deixa no aire o futuro laboral dunha vintena de traballadores e traballadoras do municipio. Esta medida, totalmente inesperada, supón un duro impacto para a economía local que afecta directamente a numerosas familias, xerando unha situación de incerteza social e laboral.

O goberno municipal, liderado pola alcaldesa, Marisol Morandeira, considera imprescindible que se ofrezan explicacións claras e que se busquen solucións urxentes para garantir a continuidade dos postos de traballo.

O cadro de persoal leva semanas denunciando a ausencia de información por parte da empresa, á que se suma o feito de ter soldos pendentes de cobro. Os traballadores seguen acudindo diariamente ao seu posto de traballo, aínda que apenas realizan tarefas pola falta de materiais, unha circunstancia que os empregados atribúen á decisión da dirección de retardar a produción dun xeito indirecto.

A situación, segundo explican, é confusa e contraditoria. Nun primeiro momento comunicóuselles un peche definitivo, mais nas últimas reunións a dirección recoñeceu que a continuidade da empresa dependerá da sinatura de futuros contratos con outras empresas, prevista para as próximas semanas. Esta falta de concreción, unida á débeda cos empregados, fai que estes sospeiten dun peche repentino e sen previo aviso.

A maiores, os traballadores sinalan que existe traballo dispoñible para producir e que, de facerse, permitiría mesmo afrontar os pagos pendentes. Con todo, denuncian que a actividade permanece bloqueada sen unha razón aparente. Polo de pronto, e se a situación non avanza, os traballadores teñen pensado continuar coas mobilizacións, así como adoptar máis medidas para reivindicar os seus dereitos.

Ante esta situación, o Concello de Guitiriz sumouse desde o primeiro momento ás reivindicacións do persoal. O equipo de goberno, xunto con representantes de todas as forzas políticas da corporación, participou na concentración convocada polos traballadores diante da sede da empresa, amosando a unidade do municipio fronte a un problema que afecta de forma directa ás súas veciñas e veciños. Así mesmo, no pleno ordinario de setembro leuse unha declaración institucional na que se expresa o rexeitamento ao peche e o apoio rotundo aos empregados por parte de todos os partidos con representación no consistorio.

O Concello continuará apoiando as protestas dos traballadores

O Concello reitera que continuará acompañando aos traballadores en todo este proceso e apoiando as mobilizacións que se leven a cabo, ao tempo que esixe á empresa transparencia, información e responsabilidade. A prioridade, segundo insisten dende o goberno local, debe ser preservar os empregos e garantir a estabilidade das familias afectadas.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, cualificou de inaceptable a situación que atravesará Tivaygasa e advertiu que non se pode xogar co futuro das familias traballadoras do municipio. "Non imos permitir que se pretenda pechar unha empresa ás agochadas, deixando no aire unha vintena de postos de traballo e sen dar explicacións. A dirección debe actuar con responsabilidade, ofrecer transparencia e garantir a continuidade da actividade. O Concello estará sempre ao lado dos traballadores, apoiando as mobilizacións e defendendo con firmeza o dereito destas familias a un futuro digno en Guitiriz", afirmou.



Guitiriz comeza o curso cun calendario cargado de obradoiros, actividades e propostas para todas as idades

O Concello de Guitiriz presenta, un ano máis, un amplo programa de actividades para o inicio do curso, con talleres, obradoiros, eventos e servizos dirixidos a todos os veciños e veciñas. A programación busca ofrecer alternativas variadas, educativas e lúdicas, adaptadas a todas as idades.

Un dos eixes centrais é o programa Concilia, deseñado para axudar ás familias a compatibilizar a vida laboral coa familiar. Entre os servizos ofrecidos están o Concilia Madrugador e Tardes, que permiten que a cativada permaneza no colexio fóra do horario lectivo, así como o servizo de conciliación para o transporte ás actividades extraescolares.

Formación, cultura e programas para todas as idades

A Aula CeMIT tamén conta cunha programación destacada. Este outubro comezan os talleres de informática, con quendas para nenos e nenas de 7 a 9 anos e de 10 a 12 anos. Recentemente celebráronse actividades como o Scratch Day, centrado na programación de videoxogos, e unha formación en banca dixital para adultos, que permitiu aos participantes aprender a utilizar servizos bancarios por internet de forma segura.

Ademais, coa colaboración da Deputación de Lugo, nas próximas semanas impartiranse formacións gratuítas sobre o manexo do teléfono móbil nas parroquias de Parga, Os Vilares, Pígaro, Pedrafita e Mariz, estendéndose ata principios do ano que vén.

A biblioteca pública municipal tamén acolle iniciativas de interese, como o obradoiro gratuito de cosmética e limpeza ecolóxica celebrado en setembro, cun gran éxito de participación, e outras propostas que serán anunciadas próximamente para este último trimestre do ano. A UNED Senior, pola súa banda, oferta este curso as materias de música e inglés para maiores de 50 anos.

O Concello organiza, ademais, cursos de cerámica, cestería e cantería, así como un obradoiro de micoloxía, este último en colaboración coa Deputación de Lugo, a Reserva da Biosfera Terras do Miño e a Comunidade de Montes San Xoán de Lagostelle.

Deportes e actividades para un estilo de vida saudable

No ámbito deportivo, as Escolas Deportivas Municipais continúan sendo un gran éxito, con máis de 450 participantes de todas as idades. A oferta inclúe disciplinas tradicionais como fútbol sala e ximnasia rítmica, así como outras opcións como patinaxe, pilates, ioga, zumba, aerobio, step, ximnasia para adultos, pádel, tenis de mesa, tiro con arco, atletismo e campo a través.

Destacan tamén os programas municipais 'Guitiriz en Ruta', que reiniciou actividades na última semana de setembro, e 'BTTeando por Guitiriz', organizado co Club Btteiros Cova da Serpe, ambos con saídas programadas de andainas e rutas en bicicleta por distintos puntos do concello e máis aló. Por último, destacan tamén actividades para promover un estilo de vida saudable entre a poboación sénior, como o taller de estimulación cognitiva e da memoria e as clases de baile para maiores de 50 anos, dúas iniciativas municipais pensadas para fomentar a saúde e o benestar.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, subliñou a importancia desta programación: "O noso obxectivo é que cada veciño e veciña poida atopar unha actividade adaptada ás súas necesidades e intereses. Queremos apoiar ás familias, fomentar o deporte, a cultura e a formación en todas as idades, e promover un estilo de vida activo e saudable."

Morandeira engadiu que estas iniciativas tamén buscan reforzar a cohesión social do municipio: "A través destes talleres e programas, non só ofrecemos formación e lecer, senón que tamén creamos espazos de encontro e participación para todos os cidadáns. É unha aposta clara por un Guitiriz máis dinámico, inclusivo e activo."



riotorto

Piden a hospitalización a domicilio para a vila

O BNG reclamará no Parlamento que a Xunta de Galicia estenda a Riotorto e A Pontenova a cobertura do Servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO). O deputado Daniel Castro e representantes dos grupos municipais presentaron a iniciativa, que busca garantir o acceso a este servizo ás veciñas e veciños destes concellos que o precisen.

Trátase, segundo se explica na proposta, dun servizo que permite achegar coidados hospitalarios ao domicilio dos pacientes e que se contempla, entre outros casos e sempre baixo indicación médica, para persoas con enfermidades crónicas complexas, anciás ou pacientes de oncoloxía.

A Xunta de Galicia presentou en 2019 un Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, co compromiso de proporcionar a toda a poboación de Galicia un acceso equitativo a este servizo, pero seis anos despois, os concellos de Riotorto e A Pontenova seguen sen ter esa cobertura por parte do HULA, o

seu hospital de referencia.

O deputado Daniel Castro explicou que “se trata dunha situación que discrimina ás persoas polo lugar de residencia, algo inaceptable cando falamos de servizos públicos básicos como a sanidade”.

A voceira do BNG en Riotorto, Vanesa Gómez, indicou que a moción se presentará este venres no pleno municipal “para poñer enriba da mesa unha demanda que lle corresponde atender á Xunta de Galicia, pero que debería contar tamén co respaldo do goberno municipal que ten a obriga de traballar activamente por servizos públicos de calidade para a veciñanza”.

“Non se entende que sexan os concellos máis afastados do Hospital os últimos da cola na implantación desta atención no domicilio”, destacou a voceira nacionalista que lembrou que “a falta deste servizo supón unha carga adicional para o centro de saúde onde a Xunta xa suprimiu unha das prazas de médico”.

O GDR aproba a renovación dos parques infantís con axudas Leader

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Comarca de Lugo celebrou unha xunta directiva na que se aprobou a proposta de resolución das solicitudes de axuda presentadas ata o 30 de maio de 2025. Entre os proxectos aprobados atópase o presentado polo Concello de Friol, que contempla a renovación integral dos parques infantís Rosalía de Castro e Félix Rodríguez de la Fuente, situados no centro do municipio.

As obras inclúen a substitución do pavimento actual por un chan continuo de caucho máis seguro e de fácil mantemento, a instalación de novos xogos infantís elaborados con materiais sostibles e adaptados a diferentes idades, incluíndo columpios inclusivos e zonas de escalada, a mellora da accesibilidade mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas, a rehabilitación do mobiliario urbano e a creación de espazos de sombra con árbores autóctonas e pérgolas para maior confort en épocas de calor.

O presidente do GDR Comarca de Lugo e alcalde de Friol, José Ángel



Santos, destacou que “con este tipo de iniciativas impulsamos a mellora dos espazos públicos e fomentamos o benestar da veciñanza, especialmente dos máis pequenos, que gozarán de áreas de xogo máis seguras e modernas”. O rexedor engadiu que “esta inversión supón un paso fundamental para mellorar a calidade de vida das nosas familias. Agradecemos o apoio de Agader e da Consellería do Medio Rural, especialmente da conselleira María José Gómez, pola súa sensibilidade e apoio constante para cubrir as

necesidades do rural, neste caso a través do Leader, que mediante o GDR nos permite renovar estes parques emblemáticos para a infancia do noso municipio”.

O Concello de Friol recibirá unha axuda total de 148.626,87 euros, que deberá executarse antes do 15 de xullo de 2026. Nas próximas semanas, o GDR procederá tamén á aprobación de novas axudas para proxectos produtivos presentados polos concellos de Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Friol, Rábade, Castroverde e a zona rural de Lugo.

FEIRA DE GANDO DE AUGAXOSA



A parroquia da Augaxosa acolleu unha nova edición da súa feira de gando, dando continuidade a unha tradición que conta con rexistros documentados, polo menos, dende o século XVIII. O recinto feiral reuniu máis de 120 cabalos, eguas e poldros procedentes de diferentes ganderías da contorna. Entre elas destacaron a gandería de Ricardo Veiga, de Vilaseca (Riotorto), a de Xan das Bouzas, de Mondoñedo, e a de Miguel Miranda, da Pontenova, que recibiron os premios ás explotacións con maior número de animais.

A localidade entra no programa de construción de vivenda pública

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, vén de asinar co alcalde de Friol, José Ángel Santos Sánchez, o convenio enmarcado no Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida no municipio.

A través deste convenio, asinado esta tarde en San Caetano, a Xunta pon a disposición do Concello de Friol esta nova ferramenta que lle outorga apoio técnico para ofertar, mediante concurso público, unha parcela de 6.679 m2 da súa titula-

ridade, sita na Avenida da Coruña, para a construción de ata 18 vivendas de promoción pública.

Así, a Xunta sacará a concurso público en réxime de libre concorrència esta parcela de titularidade municipal para a construción de fogares protexidos que poderían ser tanto en réxime de alugueiro como de venda. Ademais, deste xeito, facilitarase a información aos promotores, cooperativas e á cidadanía, en xeral, sobre os solos dispoñibles.

O Goberno galego, a través do IGVS, tamén se encargará da redacción

dos pregos de bases, os anuncios de licitación, a mesa de contratación e a valoración técnica das ofertas, de maneira que o Concello só terá que ditar a resolución de adxudicación, ademais de participar na mesa de contratación.

O convenio é o terceiro que se asina en Galicia, tras o rubricado co Concello das Pontes de García Rodríguez e o Concello de Arnoia, e o primeiro na provincia. A conselleira recordou que o prazo para adherirse a este programa permanecerá aberto indefinidamente.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es

Friol, único representante galego para ser Capital de Escapada Rural 2025

O concello lucense de Friol foi seleccionado como finalista na nova edición do certame que busca a Capital de Escapada Rural 2025. Trátase do único municipio galego en competición, fronte a outros nove destinos doutras comunidades autónomas.

O prazo de votacións xa está aberto e permanecerá dispoñible ata o vindeiro 26 de outubro a través da páxina web oficial da plataforma Escapada Rural, entidade organizadora do concurso.

Este recoñecemento, que xa suma nove edicións, pretende poñer en valor vilas e aldeas que, fóra das rutas turísticas máis habituais, conservan un patrimonio natural, cultural e gastronómico digno de ser divulgado.

Na edición anterior, a distinción recaeu en Santa Eulalia de Oscos (Asturias). Nesta ocasión, Friol comparte candidatura con localidades como Ágreda (Soria), Jerez de los Caballeros (Badaxoz), Karrantza Harana (Biscaia), Navahermosa

(Toledo), Tibi (Alacant), Trasmuz (Zaragoza), Valtierra (Navarra), Vieilha (Lleida) e Zuheros (Córdoba).

O alcalde friolés, José Ángel Santos, destacou a oportunidade que supón esta candidatura para proxectar cara ao exterior a esencia do concello: "Friol garda historia, natureza e tradicións que merecen ser amosadas", sinalou facendo un chamamento á participación cidadá.

Entre os atractivos do municipio salientan a tranquilidade do seu contorno, os seus pazos e hórreos, as máis de trinta parroquias e unha notable riqueza gastronómica, especialmente polos queixos con selo DOP Arzúa-Ulloa e a feira dedicada ao pan e ao queixo, recoñecida como unha das máis singulares de España.

A maiores, o portal organizador recomenda espazos de turismo rural como Casa Villar ou The Land of Eve, ademais doutros 79 establecementos situados no propio concello e nas súas inmediacións.



A feira de gando reuniu 11 ganderías e 126 reses

A duodécima edición da Feira de Gando Vacún de Carne converteuse nun gran punto de encontro para gandeiros, acollendo un total de once ganderías, tres máis ca na última cita, e 126 reses. Ademais da exhibición e concurso de exemplares, a feira incluíu como novidade unha exposición de razas autóctonas de Galicia.

Tras a cancelación da pasada edición pola incidencia da enfermidade hemorráxica epizoótica, a recuperación do evento foi todo un éxito. O rexedor local, José Ángel Santos, destacou a importancia de manter viva esta tradición e afir-

mou: "Grazas de corazón a todos os gandeiros de Friol e ás ganderías que, dun xeito ou outro, participaron nesta nova edición e fixérona posible. Seguiremos celebrando a nosa tradición e o esforzo de todos vós, porque cada ano facemos historia xuntos!".

O Concello repartiu 2.000 euros en premios entre os diferentes participantes, nunha xornada que encheu o mercado gandeiro e que tamén contou con postos de polbo e churrasco para completar a festa. A granxa A Morena resultou a máis galardoada da cita, demostrando unha vez máis a calidade do gando.

Licitadas as obras do centro de interpretación da natureza de Narla

A Xunta licitou por 192.944 euros as obras dun centro de interpretación da natureza en San Pedro de Narla. A actuación enmárcase no Plan Hurb, o programa da Xunta para colaborar cos concellos no impulso de actuacións de mellora de contornas urbanas, accesibilidade e dotacións e equipamentos públicos.

A través desta colaboración, trátase de executar as obras de construción dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla nunha parcela cunha superficie total de 1.588 m². Proxéctase unha edificación de tipo tradicional, en consonancia coas edificacións existentes no núcleo de Narla.

No centro preténdese levar a cabo diversas actividades educativas e divulgativas dirixidas a coñecer a natureza, por exemplo o ciclo das árbores, desde a súa plantación ata a súa tala e a súa transformación en madeira ou o proceso da produción de sementes, plantación de hortos, coidados forestais, utensilios e ferramentas de traballo, coidados ou as características dos montes.

Inviste en Friol





CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol



Concello de Vilalba

MARTA ROUCO: “O MÁIS GRATIFICANTE É VER QUE O TRABALLO DO GOBERNO LOCAL SE NOTA NAS PEQUENAS COUSAS DE CADA DÍA”

En outubro cúmprense dous anos da chegada de Marta Rouco á Alcaldía de Vilalba. Dous anos intensos, marcados polo diálogo cos veciños e veciñas e polo empeño en dar resposta ás necesidades máis urxentes do municipio. A rexedora socialista fai balance das principais actuacións do goberno local, con feitos que, segundo afirma, “resolven problemas históricos e poñen a Vilalba no camiño que merece”.

Dous anos ao fronte da Alcaldía. Que balance fai Marta desta etapa?

O balance destes dous anos é claro: traballo, compromiso e solucións para Vilalba. Foi un tempo de moita escoita activa, de atender aos veciños e veciñas, de poñer en marcha proxectos que estaban bloqueados dende hai anos. Hoxe podemos dicir que o Concello avanzou en ámbitos fundamentais como o ciclo da auga, a educación infantil, o estado das instalacións municipais ou a mellora dos servizos públicos.

Un dos grandes retos foi o ciclo da auga. Que avances se acadaron?

Sen dúbida. Herdamos un problema complexo e traballamos para darlle solución. Hoxe Vilalba conta cunha EDAR mellorada, grazas a un investimento de 1,7 millóns de euros en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Actuamos na ampliación do pretratamento da depuradora e na construción dun tanque de tormentas para reducir verteduras ao río Madalena. Ademais, temos aprobado o proxecto para instalar decantadores lamelares nas ETAPs de San Simón e As Cañotas, que mellorarán a calidade da auga potable. E unha das actuacións máis importantes será a renovación do saneamento da rúa Plácido Peña, unha infraestrutura moi antiga que cómpre actualizar e que temos previsto comezar a principios do 2026 a través dun convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

E no ámbito educativo, como se atendeu a demanda de prazas para a infancia?

Un dos problemas máis urxentes era a falta de prazas de 0 a 3 anos. Por iso levamos a cabo as xestións para poder abrir o novo Punto de Atención á Infancia no primeiro andar da Praza de Abastos, que ofrecerá 20 prazas máis para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Para min era unha prioridade porque falamos de conciliación e de oportunidades para a nosa xente nova.

O goberno local tamén puxo o foco nas instalacións municipais. Que avances houbo?

Moitos e importantes. Consequimos un acordo coa Deputa-



ción para substituír a cuberta da Casa da Cultura, cun investimento de máis de 130.000 euros que solucionará por fin as filtracións que sufría dende hai décadas. E tamén puxemos en marcha un proxecto ilusionante na Biblioteca Municipal: a sala dedicada ao legado de Agustín Fernández Paz, que gardará máis de 7.000 títulos doados por el ao pobo de Vilalba. Estamos construíndo un espazo aberto, luminoso e funcional, que inclúe ademais unha aula de estudo renovada e adaptada á realidade actual. Sen esquecer, por suposto, da rehabilitación da Casa do Concello, unha obra de 1,1 millóns de euros financiada polo programa PIREP. Foi un proceso complicado: na primeira licitación o proxecto quedara deserto, polo que tivemos que negociar unha prórroga da subvención e salvar os fondos. Agora esa obra xa é unha realidade.

Outro dos puntos fortes foi o novo contrato do lixo. Que cambiou coa súa entrada en vigor?

Foi un dos contratos máis necesarios e máis reclamados polos veciños e veciñas. O novo contrato do lixo supuxo un investimento de máis de 2 millóns de euros e melloras moi visibles: novos colectores, novas papeleiras, recollida dúas veces por semana nas parroquias, illas de reciclaxe no rural, limpeza viaria reforzada e o servizo porta a porta para voluminosos. Ademais adquiríronse novos vehículos, que xa están a reforzar o servizo, e contrataronse máis empregados para cumprir as condicións do contrato. É un servizo imprescindible, que nós sacamos adiante e que xa está a dar resultados.

Tamén hai proxectos vinculados ao lecer e ao día a día das familias.

Así é. Aprobamos o proxecto de remodelación do parque Rosalía de Castro, cun investimento de case 40.000 euros financiados pola Deputación de Lugo. Era unha demanda moi clara das nais e pais, e pronto será unha realidade. Ademais, conseguimos que a Deputación destinara a Vilalba máis de 260.000 euros para actuacións como a mellora de rúas, a creación dun parque infantil no Campo da Feira ou novas dotacións para o pavillón Mato Vizoso.

A dinamización de Vilalba tamén estivo no centro da súa acción.

Tivemos moi presente a necesidade de darlle vida ao municipio. Apostamos polos domingos de feira como espazo de dinamización, organizamos a primeira feira intercultural, actividades culturais e deportivas, os bailes mensuais e tamén programas de dinamización no rural. Máis de 250 persoas de 21 parroquias participaron en talleres de memoria, manualidades ou ximnasia. No ámbito deportivo, investimos nas instalacións municipais: nova pista no pavillón do CEIP Mato Vizoso, melloras na cuberta e climatización nos vestiarios do pavillón do CEIP Insua Bermúdez, investimentos no pavillón municipal e actuacións no estadio da Madalena.

E mirando cara ao futuro, cales son os seguintes pasos?

O noso obxectivo segue sendo claro: mellorar a vida dos veciños e veciñas de Vilalba. Imos seguir traballando no ciclo da auga, en máis proxectos sociais e educativos, na mellora dos servizos públicos e na dinamización económica e social do noso concello. O que fixemos neste tempo é só o principio.





Rehabilitarán a escola unitaria de Azúmara

O Concello de Castro de Rei asinou un convenio con Agader para rehabilitar e acondicionar como local social a antiga escola unitaria de Azúmara, á que destinarán un importe total de 86.992,48 euros, dos que o Concello achegará 17.398,50 e a Axencia Galega a cantidade de 69.593,98 euros. O edificio, que se atopa actualmente en estado de ruína, só conta cos muros de mampostería perimetrais, xa que a súa cuberta foi retirada a comezos da década de 1990 para ser destinada á rehabilitación da cuberta da Igrexa Parroquial.

Os traballos consistirán inicialmente na limpeza do edificio principalmente a vexetación, limpeza dos muros de cachotería ordinaria, substitución

dos elementos deteriorados tales como linteis e recuperación dos elementos orixinais do edificio, así como a colocación dun novo pavimento interior.

Tamén farán a cubrición do edificio recuperando a solución orixinal do mesmo, con cuberta de madeira e lousa do país a dúas augas, e posteriormente distribución e acabados para destinala a usos sociais. Dende o Concello valoran moi positivamente esta achega, “xa que era un uso moi demandado por veciños e veciñas da parroquia de Azúmara, que carecían dun local social para celebrar reunións, asembleas e mesmo xuntanzas gastronómicas ou semellantes”.

Retómanse as clases de zumba

Regresan as clases de zumba, unha actividade pensada para todos os públicos que busca fomentar o exercicio físico, a diversión e a vida saudable. As sesións desenvolveranse en dúas localizacións. Os xoves, de 19:00 a 20:00 horas, terá lugar no Centro Sociocultural Xosé Manuel Carballo, en Castro de Rei, mentres

que os venres, no mesmo horario, será no salón de actos do Mercado Gandeiro de Castro Ribeiras de Lea. O prezo é de 15 euros e as persoas interesadas poden obter máis información ou inscribirse a través do teléfono 633 259 240. Desde a organización sinalan que o horario podería variar en función das necesidades.



Xunta e Concello abordan varias iniciativas de interese local

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, reuniuse co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para abordar diferentes asuntos de interese para o concello.

Entre as colaboracións máis recentes, Arias subliñou a concesión de 25.000 euros para substituír 73 luminarias da capitalidade municipal por unhas novas con tecnoloxía LED, a través dunha das liñas de axudas convocadas este ano pola Dirección Xeral de Administración Local.

Así mesmo, a Consellería de Economía e Industria colabora co Concello na mellora da xestión de residuos e a renovación da sinalización horizontal do polígono de Castro de Ribeiras de Lea. Ambos proxectos reciben 23.800 euros con cargo ás achegas para modernizar infraestruturas dos parques empresariais galegos. Por outra banda, Arias tamén anunciou que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ven de formalizar o contrato para executar as obras de reforma do pavillón do CEIP Veleiro Docampo, adxudicadas por 469.900 euros.



Os traballos teñen como obxectivo principal mellorar as condicións de salubridade e de eficiencia enerxética do edificio. A intervención levarase a cabo en varias fases e está previsto que a primeira comece en outubro, cun prazo de execución de seis meses.

VIVENDA. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, tamén mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Castro de Rei.

Na xuntanza, que tivo lugar en San Caetano e á que asistiu tamén o director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas en Lugo, Marco Antonio Fernández, a conselleira e o rexedor abordaron actuacións en materia de infraestruturas de mobilidade.

A Xunta continúa prestando apoio aos concellos para impulsar intervencións que contribúan a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a reforzar a competitividade económica.

O Concello inviste na mellora de vías e cambia 73 luminarias por LED

O Concello de Castro de Rei vén de poñer en marcha un ambicioso plan de rexeneración viaria ao abeiro do Plan Camiña Rural 2025-2026, impulsado pola AGADER da Xunta de Galicia. O investimento total ascende a 114.685 euros e permitirá mellorar a accesibilidade a vivendas e explotacións gandeiras en diferentes puntos do municipio. As actuacións previstas inclúen a pavimentación en aglomerado en quente e a renovación do firme en catro zonas estratéxicas. En Santa Comba de Orizón acometerase a mellora dun tramo de 1.470 metros, desde o límite coa parroquia de Teixeira (Lugo) ata a estrada provincial LU-P-1114, facilitando o acceso aos núcleos de Freinoval e Orizón, así como a numerosas parcelas agrícolas. En Pacios intervívase na estrada provincial LU-P-1106, dende a Escola ata o Barrio do Alto, incluíndo o acceso ao cemiterio parroquial e ás explotacións gandeiras da zona, cunha lonxitude de 665 metros. Pola súa banda, en Ponte de Outeiro mellorarase a estrada que conecta as vías provinciais LUP-1112

e LU-P-1106, nun treito de 915 metros. Finalmente, en Ramil acondicionárase o vial municipal que une A Granda coa estrada N-640, nun tramo de 780 metros esencial para o acceso a vivendas e explotacións gandeiras da contorna.

LUMINARIAS. Tamén levou a cabo un proxecto de substitución de 73 luminarias de sodio de 70 W por novas luces LED de 60 W na capitalidade municipal e nos barrios de Santa Locaia, cun investimento total de 26.015 euros financiado a través do Fondo de Compensación Ambiental da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva. As actuacións realizáronse nos barrios de Casas Novas, Sabugueiro e Currás, situados na estrada LU-P-1611, onde se instalaron 33 novas luminarias; no barrio de Portomuiño, na LU-P-1106, con 17 puntos de luz renovados; e na estrada de acceso ao parque de autocaravanas xunto co barrio de Gulpilleiras, onde se substituíron outras 23 luminarias.

A Deputación achega 10.000 euros ao colectivo Fudace

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Fundación de Dano Cerebral, Luis Abelleira Mayor, asinaron un acordo de colaboración a través do que a institución provincial achega 10.000€ á Fundación para sufragar os gastos que presta no centro residencial que a entidade xestiona nun espazo cedido e recentemente reformado pola Deputación en Castro de Rei.

Segundo explicou José Tomé Roca, “esta colaboración permitirá que os residentes con dano cerebral teñan unha mellor calidade de vida e un benestar social, tendo en conta que son usuarios cun dano cerebral adquirido e sobrevido, cuns altos graos de dependencia”. Engadiu tamén que a achega “reforzará a atención prestada ás persoas con dano cerebral e ás súas familias, asegurando un servizo integral e especializado”. O centro de Fudace é o único da provincia que atende a pacientes con necesidades complexas e duais. O centro de Fudace, situado en Castro Ribeiras de Lea, opera nas instalacións da antiga Escola Fogar, un espazo cedido pola Deputación no ano 2002 cun acordo vixente ata 2067. As instalacións foron reformadas e ampliadas grazas a unha achega de 135.000€ da institución provincial.

Recoñecemento estatal polo proxecto do Centro da Torneiría

O Concello de Xermade foi distinguido polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) polo proxecto de rehabilitación da Casa Reitoral para acoller o futuro Centro Internacional da Torneiría. O galardón enmárcase no programa de boas prácticas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que este ano seleccionou 39 iniciativas exemplares en todo o Estado.

O MITECO distribúe estes recoñecementos en tres categorías: innovación, impacto ou efecto multiplicador e actuacións integrais. Xermade foi premiado nesta última modalidade pola creación dun espazo dixital con proposta innovadora de divulgación, investigación e creación arredor do oficio tradicional da torneiría, unha iniciativa que integra varias das liñas de actuación do ministerio.



O acto de entrega tivo lugar o xoves 11 de setembro no Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid. En representación do Concello recolleu o premio a arquitecta xermadesa Luz Paz Agradas, redactora do proxecto e codirectora das obras xunto con Marta Marcos Maroño. A celebración do pleno ordinario na mesma data

impediu a presenza da Corporación municipal.

O Centro Internacional da Torneiría é un espazo dixital cun enfoque innovador de divulgación, investigación e creación arredor do oficio tradicional da torneiría, o que supón a abordaxe e integración de varias liñas de actuación do MITECO.

O Concello convoca tres cursos para este mes

O Concello de Xermade organiza este mes de outubro tres accións formativas gratuítas dirixidas a persoas maiores de 16 anos, co obxectivo de mellorar o benestar emocional das familias e promover un uso responsable da tecnoloxía. Os cursos están financiados polo Ministerio de Igualdade e acreditados con diploma oficial por Grupo Forma-t e Afammer Lugo.

O primeiro dos obradoiros, Trastornos na adolescencia e prevención do suicidio, tivo lugar o 6 de outubro na Escola Habanera de Roupar. O segundo curso, Saúde mental e emocional para coidadores, terá lugar o 16 de outubro na Casa Escola de Momán, tamén de 16.00 a 22.00 horas. Está pensado

para mellorar o benestar das persoas coidadoras, fortalecer o seu rol na crianza e ofrecer recursos para xestionar emocións, reducir o estrés e fomentar unha comunicación máis equilibrada dentro da familia.

O ciclo pecharase o 24 de outubro coa sesión Tecnoloxía e entretemento, que se desenvolverá na Casa Escola de Cabreiros no mesmo horario. Neste caso analizarase o impacto da tecnoloxía e do entretemento dixital nas crianzas, fomentando un uso saudable de redes sociais, videoxogos e pantallas, así como a seguridade en internet. As persoas interesadas poden inscribirse a través do número de WhatsApp 678 74 41 78.

A Invernada de Cine de Cabreiros ofrecerá este ano seis actividades

Cabreiros volverá acoller, entre outubro e decembro, unha nova edición da Invernada de Cine, que chega este ano á súa décimo terceira edición. A iniciativa, organizada pola Asociación de Veciños de Cabreiros e o Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela, conta co apoio do Concello de Xermade, da Deputación de Lugo e coa colaboración do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg).

O ciclo abrírase o 18 de outubro coa proxección do documental *Aurora*, de Area Erina, producido por Gaitafilmes, e contará coa intervención de Suso López. A segunda sesión terá lugar o 25 de outubro co filme *As Neves*, de Sonia Méndez, e contará coa participación de Noelia Rodríguez Álvarez e Felicidad González Terreiro, do Ceesg. O 8 de novembro será a quenda de *Prefiro condenarme*, de Margarita Ledo Andión, dentro do ciclo De cine e mulleres de fala 2025.

O 22 de novembro proxectarase *Proxecto Xorima*, coa intervención da directora Alba Sofía, o escritor Paulo Naseiro, o membro e creador Xosé Ramón Vázquez Carreira e Marisa Barreiro, presidenta do Ilesha.

O mes de decembro incluírá dúas citas máis: o día 13 presentarase *A morte nas fragas e os fíos da memoria* e a programación pecharase o 20 de decembro coa proposta familiar *Os Jalochos*, un espectáculo musical interactivo.

Abre o prazo para solicitar as visitas escolares en Sotavento

Xa está aberto o prazo para a xestión de visitas escolares para este curso académico. Sotavento conta cunha ampla variedade de actividades pedagóxicas de educación enerxética adaptadas aos diferentes niveis educativos, que, como vén sendo habitual, ten unha gran demanda entre a comunidade educativa e o público en xeral.

Sotavento conta cunha modalidade de actividades, a máis coñecida, que se levan a cabo nas súas instalacións de Xermade, entre as que destaca a vivenda bioclimática e as instalacións renovables.

Pero ademais, tamén se desenvolven actividades nos propios

centros educativos que o soliciten, onde os educadores/as e materiais desprázanse ata os centros de ensino.

Esta modalidade está dirixida a todos os niveis educativos e especialmente recomendada tanto para a Educación Infantil como para actividades de formación enerxética dirixidas ao profesorado. Para máis información sobre custes e características das distintas propostas: whatsapp 652808173.

Para xestionar unha visita pódese contactar a través do teléfono 981 563 777. Whatsapp 652 808 173.

Máis información na páxina web ou a través das redes sociais.



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS
- **ECOGRAFÍA**

ATENCIÓN A DOMICILIO
HORARIO DE VERANO
Lunes, miércoles y viernes de 9:00 a 15:00h.
Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.
Campo de Puente, 20 Bº.
Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65
Urgencias: 609 72 97 12

Presentada unha ampla programación de teatro

Rábade deu comezo a un ciclo de teatro que se desenvolverá no Centro Sociocultural, cunha oferta variada e para todos os públicos. O ciclo arrincou o 20 de setembro e xa en outubro, continuará o día 18 ás 18:00 horas coa Compañía Satori e a súa obra *Cores do camiño*, dirixida ao público infantil e familiar. O 19 de outubro, o público poderá asistir en Santiago de Compostela á representación de *A serie Clopen*, do Centro Dramático Galego, cunha saída organizada dende o Concello ás 14:50 horas. As prazas son limitadas e teñen un prezo de 5 euros, sendo preciso inscribirse previamente na área de Cultura e Deporte. O 25 de outubro ás 19:30 horas, lus Theatrum traerá a obra *Las preciosas ridículas*, dirixida a todos os públicos, pechando así unha programación que busca achegar o teatro á veciñanza en todas as súas formas e estilos. Todas as representacións celebradas no Centro Sociocultural de Rábade serán de balde, ofrecendo á cidadanía unha oportunidade única de desfrutar da cultura e das artes escénicas sen custo algún.

A intervención das contas municipais provoca un cruzamento de acusacións

O Concello de Rábade vén de situarse no centro da polémica política tras confirmarse a intervención das súas contas pola Xunta e a necesidade de aprobar un plan financeiro para recuperar o equilibrio orzamentario. A situación provocou un intenso debate no último pleno, no que PSOE, Independentes e PP intercambiaron reproches sobre a xestión económica e política do municipio. O Grupo Municipal Socialista, a través do seu voceiro Alejandro Martínez Campos, denunciou “a grave inestabilidade económica e institucional” que vive o Concello baixo o goberno do PP, marcado pola intervención das contas, a renuncia do primeiro tenente de alcaldesa e o incumplimento da convocatoria da FEGAMP para gardar un minuto de silencio polas vítimas de Gaza. Os socialistas criticaron “a falta de transparencia” na xestión dos fondos públicos e advertiron que “as contas municipais foron intervidas por non cumprir a normativa fiscal e contable”. Martínez acusou á alcaldesa



de “negar a realidade” e de deixar o Concello “sen rumbo nin responsabilidade política”. Pola súa banda, o grupo Independentes por Rábade alertou tamén do “descontrol no gasto corrente” e da forte caída do remanente municipal. “Cando deixamos o goberno había 1,49 millóns de euros, e ao final do ano quedaron 600.000, ademais de 260.000 euros en débedas. Baixáronse case un millón de euros sen facer obras nin investimentos”, aseguraron. Os independentes sinalaron que o gasto aumentou en partidas como festas ou recollida do lixo,



e criticaron que “non hai explicación lóxica, xa que incluso subiron os ingresos do Estado un 30%”. Desde o Partido Popular, a alcaldesa Reme González defendeu a xestión municipal e asegurou que “o Concello non está en bancarrota nin moito menos”. Explicou que o plan financeiro é unha medida “habitual noutros concellos” cando se supera o límite de gasto e insistiu en que “Rábade ten solvencia económica”. Segundo González, o gasto adicional de 2024 —uns 200.000 euros— responde a pagos pendentes de obras como a rúa Coronel Andrade

e á achega municipal ao proxecto do Cine Man, financiado en parte con fondos europeos. “Do millón e medio de remanente, 500.000 euros estaban comprometidos en proxectos europeos e agora mantemos uns 700.000 euros, o que nos dá certa marxe”, explicou. A alcaldesa acusou á oposición de “alarmar á poboación con mensaxes catastrofistas” e defendeu que o Concello “mantén estabilidade e capacidade para seguir facendo fronte aos compromisos municipais”. **CAMBIO NO PP.** Fíxose efectiva a renuncia de José Luis Novo, quen será substituído no cargo por Juan Baroja, traballador de Correos agora xubilado, que asumirá as áreas de Economía e Persoal no Goberno local, as mesmas que tiña designadas o seu antecesor. Pola súa banda, o concelleiro saínte, José Luis Novo, quixo darlle as grazas a todos os veciños e veciñas “polo comportamento e respecto que lle manifestaron” no seu período no Goberno local.

O Belén de Begonte incorporará tres novas figuras

A Semana de Cine de Lugo acolleu a presentación das tres novas figuras que se estrearán no Belén o vindeiro Nadal. A primeira das incorporacións é a reprodución da Casa-Museo de Víctor Corral, obra de Chomin. Veciño do barrio da Ponte en Lugo e mestre no traballo do cortizo, Chomin elaborou unha fiel maqueta deste espazo emblemático de Baamonde, que acolle a obra do escultor Víctor Corral, fillo predilecto de Begonte falecido en 2021. A segunda novidade é unha noria movida por un cabalo, realizada polo escultor e profesor Ricardo Segundo López Méndez. Esta peza, de elaboración minuciosa, simboliza o esforzo do traballo rural e a importancia da auga como elemento esencial para a vida, transformando o xiro constante dos canxilóns nunha metáfora da forza vital do Belén. Por último, o creador audiovisual Ero Telmo Vázquez Cabrera, de Trécola Producións, presenta o “Belén dentro do Belén”, un complexo conxunto de figuras que recrea, en miniatura, as propias escenas do nacemento.

Abre o prazo das axudas para material escolar

O Concello abriu o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a escolares, que van dirixidas a todos os estudantes do termo municipal correspondentes ao curso 2025/26. As axudas están divididas en dúas convocatorias diferentes, por unha banda, as axudas de material e pola outra as de transporte escolar. As de material escolar, que están dirixidas a escolares de Infantil, Primeira e ESO que estuden no Concello de Begonte e os escolarizados en Rábade. Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos de 4º da ESO no IES de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2024-2025. Estas axudas, que se conceden en función da renda, teñen un máximo de 150 euros e van destinadas á compra de material escolar para todas e excepcionalmente para libros de texto. O prazo de presentación da documentación nece-

saria para o outorgamento destas axudas nos dous casos rematará o 20 de outubro. Esta pode facerse a través da sede electrónica do Concello, no respectivo centro ou nas oficinas municipais. As axudas ao transporte escolar durante o curso actual están dirixidas aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios, co fin de contribuír a paliar o gasto diario ou semanal, que os estudantes teñen como consecuencia do seu traslado a outras localidades para cursar os referidos estudos. Teñen como requisito estar empadroado no Concello de Begonte durante o curso e que fagan os estudos superiores e que non teñan xa transporte gratuito para o desprazamento ao centro educativo. Os beneficiarios contarán cunha axuda de entre 200 e 400 euros dependendo da distancia do seu centro. O prazo de presentación é tamén ata o 20 a través da sede electrónica do Concello.



Inaugúrase o 18 o Muíño do Pan de Baamonde

O sábado 18 de outubro ás 12:00 horas, terá lugar a inauguración oficial do Centro de Interpretación do Patrimonio Cultural Muíño do Pan Baamonde, un novo espazo dedicado á preservación e divulgación do patrimonio cultural da vila. Durante o acto, farase unha visita guiada as instalacións e presentarse o documental A Memoria Viva do Muíño do Pan de Baamonde, unha obra audiovisual que recolle a historia e os recordos vinculados ao muíño, símbolo da identidade local e da tradición rural galega.

A celebración contará coa actuación do grupo de música tradicional Legua Dereita, dentro do programa Tradigalu, que engalanará o ambiente con sons autóctonos e festivos. Para rematar, os asistentes poderán gozar duns petiscos ofrecidos pola organización. Este evento promovido polo Cercud Baamonde, marca un fito na recuperación da memoria colectiva e na promoción do turismo cultural en Baamonde, convidando á cidadanía a participar activamente na conservación da súa historia.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



A Deputación inviste nas estradas provinciais

A deputación continúa a mellorar a rede viaria provincial favorecendo deste xeito a seguridade, o equilibrio territorial e calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia de Lugo

A deputación inviste máis de 200.000€ na mellora da estrada provincial que comunica o núcleo de Guitiriz cos Vilares.

Os traballos de mellora realizados na LU-P-2301 afectaron ao tramo que vai desde o punto quilométrico 6+742 ata o 9+251. As obras consistiron na reapertura de cunetas, a pavimentación do firme con aglomerado en quente e finalmente a reposición da sinalización viaria.

Esta obra realízase nunha estrada moi importante para a Chaira porque serve de enlace entre a autovía A6 coa estrada autonómica LU-170 que vai de Parga a Momán, facilitando por tanto, a conexión con Xermade en sentido á Mariña

Os traballos foron realizados pola empresa Francisco Gómez y Cía. S.L. e supuxeron un investimento total de 213.322€.

Obra realizada por:



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

Arranca a campaña sobre a compostaxe doméstica

Instalouse nas inmediacións do Concello de Outeiro de Rei unha carpa ao obxecto de dar información sobre compostaxe doméstica e promover o uso destas prácticas dentro dos hábitos de vida.

A campaña de compostaxe doméstica promovida polo Concello de Outeiro de Rei está destinada a aquelas persoas que residan nalgunha vivenda unifamiliar do municipio e dispoñan de xardín e/ou horta.

A principal característica deste tipo de compostaxe é que se realiza a pequena escala, empregando compostadores de uso individual que se colocan na horta ou xardín de cada casa o que permite xestionar os residuos orgánicos xerados sen necesidade de desprazarse, ademais de obter compost propio dunha forma sinxela e limpa.

A instalación desta carpa será o punto de partida para o reparto gratuito de 50 composteiros individuais; un aireador de compostaxe, un cubo pequeno previsto para a recollida in situ dos residuos orgánicos e un tríptico informativo.

As persoas que desexen un composteiro e aínda non o teñan solicitado no Concello, o poden solicitar ese día na carpa instalada na Praza do Concello e posteriormente, ata esgotar existencias, no Servizo de Desenvolvemento Local do Concello.

Aprobada a ordenanza do viveiro, a teleasistencia e os orzamentos

Outeiro de Rei acolleu un pleno ordinario na Casa Consistorial no que se abordaron diversos asuntos de relevancia municipal. A sesión comezou coa aprobación por unanimidade das actas anteriores e continuou coa resolución do expediente relativo á elaboración e aprobación do orzamento municipal e ás alegacións presentadas, que saíu adiante con oito votos a favor, dous en contra e unha abstención.

Os nacionalistas afean ao equipo de goberno que, máis dun ano despois da data obrigatoria para a súa aprobación, aínda non foi quen de facelo definitivamente; nun movemento que encadran “no escurantismo e falta de transparencia con respecto aos orzamentos”.

Acordouse por unanimidade a designación dos festivos locais para o ano 2026, que serán o martes de Entroido e o luns de Santa Isabel. Pola súa banda, desestimáronse as alegacións presentadas polo grupo municipal do BNG e aprobouse definitivamente a Ordenanza Reguladora do Viveiro Empresarial, conforme ao texto aprobado provisionalmente na sesión plenaria do 26 de xuño de 2025 e coa súa correspondente publicación no BOP de Lugo. Esta aprobación contou con oito votos a favor e tres abstencións.



Tamén se deu conta do expediente sobre o acceso ao servizo de teleasistencia ou de axuda a domicilio, antes de debater a moción presentada polo grupo municipal do PSOE para a mellora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). O equipo de goberno defendeu que boa parte das propostas incluídas na moción xa se están aplicando ou estudando, e subliñou que as melloras dependen do financiamento estatal. O alcalde lembrou que a Lei de Dependencia establece un reparto ao 50 % entre as comunidades autónomas e o Goberno central, mais actualmente só a Xunta de Galicia está a cumprir co seu compromiso, mentres que a outra metade é asumida polo propio Concello de Outeiro de Rei. Segundo explicou, os concellos deberían limi-

tarse á xestión dos servizos sociais e non ao seu financiamento. A moción foi finalmente rexeitada con tres votos a favor e oito en contra. Sobre isto a concelleira socialista, Carmen Acacio explicou que “non entendemos como se pode dar as costas a un servizo esencial para milleiros de familias e a unhas traballadoras que desenvolven o seu labor en condicións de precariedade e risco”, lamentou Acacio.

A Alcaldía bloqueou a proposta do BNG de declaración institucional en contra da actuación do Goberno de Israel. Pola súa banda, o PSdeG tamén presentou un rogo para reclamar medidas urxentes de conservación da Pontella da Insua do Mor-domo, incluída na Lista Vermella do Patrimonio.

Abre a inscrición para as actividades socioculturais

O Concello de Outeiro de Rei ten aberto ata o 10 de outubro o prazo de inscrición para participar nas actividades socioculturais programadas para a tempada 2025-2026. As persoas interesadas poden anotarse na Casa da Cultura en horario de 10:00 a 14:30 horas da mañá.

A oferta municipal abrangue unha ampla programación cultural, deportiva e social dirixida a todas as idades. No ámbito de cultura e lecer inclúense propostas como mecanografía, xogos en inglés, teatro, obradoiros para nenos e nenas, zumba, rutas a San Andrés de Teixido e ao Monte do Gozo en Santiago, manuais, bailes de salón en modalidade de iniciación e perfeccionamento, defensa persoal feminina, así como obradoiros de coroas e centros de Nadal e de reanimación cardiopulmonar.

A Oficina de Información Xuvenil impulsa actividades como ximnasia rítmica, mecanografía, pádel e a Escola de Música, que abrangue os concellos de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol.

No apartado deportivo destacan fútbol sala e fútbol sala biberón, balonmán, dous cursos de baloncesto, tres de tenis, dous de patinaxe, tres de pilates, ademais de ioga, ximnasia na auga, voleibol, natación infantil, BTT, taekwondo e iniciación ao atletismo.

meira

Propietarios do monte responsabilizan dos incendios ao abandono

Un grupo de persoas propietarias de monte das comarcas de Meira e da Terra de Miranda fixo público hoxe un comunicado no que, a raíz dos incendios deste verán, alerta de que “a meirande especie pirófito é o abandono” e insiste en que a cuestión non pasa por prohibir o eucalipto, senón por regulalo con criterios técnicos e de seguridade.

Segundo lembran, a administración galega estimou en diferentes intervencións públicas que a porcentaxe de terreo con eucalipto afectado polos grandes incendios estivais se sitúa entre o 0,2 e o 0,7%. Aínda que recoñecen que existen outros factores determinantes, como a climatoloxía ou o ordenamento

forestal, denuncian que determinados colectivos aproveitan estas cifras “para lanzar campañas sen datos que as avalen”. Subliñan que ningún monte está libre de risco, pero destacan que alí onde hai aproveitamento tamén hai vixilancia e coidado, o que dificulta a propagación do lume.

O colectivo identifica tres ameazas principais para a rendibilidade e, por tanto, para a conservación do monte: os incendios, as enfermidades do piñeiro e a moratoria do eucalipto. Sen alternativas económicas, advirten, moitas parcelas quedarán abandonadas. Por iso reclaman solucións para o sector do piñeiro e o levantamento da moratoria do eucalipto.

‘Tenrura’, de Manuel Pacheco, gaña o concurso de composicións musicais

Tenrura, da autoría de Manuel Pacheco, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da cuarta edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María. O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de música de Galiza para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa presenza do barítono Gabriel Alonso e o pianista Ricardo García que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas, *Tenrura* de Manuel Pacheco, *O meu barco* de Luis Serrapio Fernández, *Nas leves tardes de Outono* de Yónatan Sánchez Santianes e *Eu son de Outeiro de Rei* de Manuel María Veiga Lombardía.



E nunha segunda parte presentaron en concerto unha serie cancións galegas dos compositores José Baldomir, Manuel Moreno-Buendía, Juan Durán, Xavier Montsalvatge, Antón García Abril e Rosendo Mato Hermida baseadas en poemas de Curros Enríquez, Eduardo Blanco Amor, Miguel Anxo Fernán Vello, Marica Campo, Ramón Cabanillas, Álvaro de las Casas e Daniel Castelao.

O gañador, Manuel Pacheco, mora

en Madrid e é compositor, pianista e director de coro. O concurso contou cun salientábel e prestixioso xurado composto por Margarita Viso Soto, Alejo Amoedo Portela e Julio Cabo Messeguer, que nunha primeira fase, celebrada a primeiros do mes de xullo, escolleu, de entre todas as composicións anónimas que se presentaron a concurso, as catro pezas finalistas que se puideron escoitar nun cheo auditorio da Casa-Museo.

Abadín acollerá unha planta de biometano no lugar de Quende

O municipio chairego de Abadín foi o lugar escollido pola compañía Moeve —antiga Cepsa— para instalar unha das cinco plantas de biometano que a empresa desenvolverá en colaboración coa firma asturiana InProEner, especializada na valorización enerxética de residuos.

Segundo adiantou o alcalde, José María López Rancaño, a infraestrutura situarase na parroquia de Quende e suporá un investimento superior aos 15 millóns de euros. O proxecto, cualificado de “inminente” polo rexedor, prevé a creación duns 15 empregos directos e terá un papel destacado na economía local pola súa relación co sector agropecuario da contorna.

A planta empregará residuos procedentes de explotacións gandeiras

—puríns, esterco e outros restos orgánicos— para transformalos en biometano, un biocombustible de segunda xeración que se obtén a partir do biogás. O proceso inclúe a dixestión anaerobia da materia orgánica e unha posterior tecnoloxía de depuración coñecida como upgrading.

As promotoras xa chegaron a acordos cos propietarios dos terreos, cunha superficie duns 50.000 metros cadrados, dos que arredor de 40.000 se destinarán ás instalacións. O complexo contará con áreas de recepción e tratamento de residuos, zona de almacenamento de dixestato —que poderá empregarse como fertilizante—, estación de depuración de augas, oficinas, centro de control e infraestruturas auxiliares.

O proxecto está actualmente en fase

de tramitación administrativa. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta autorizou no mes de agosto as prospeccións arqueolóxicas necesarias para avaliar o impacto sobre o patrimonio da zona.

Moeve e InProEner teñen previsto que esta planta, xunto coas outras catro proxectadas en España, estea operativa entre 2028 e 2029. Cada instalación producirá arredor de 50 GWh anuais, o que equivale ao consumo enerxético de máis de 35.000 fogares, ademais de evitar a emisión de 45.500 toneladas de dióxido de carbono cada ano.

A compañía Moeve proxecta construír ata unha trintena de plantas de biometano en todo o Estado, cun investimento global de 600 millóns de euros, co obxectivo de xerar 4 TWh de enerxía limpa de cara ao 2030.



Rematan as obras de reforma do pavillón

Tiveron lugar os actos de inauguración das reformas do Pavillón Municipal de Abadín, que se estreou cun encontro de liga de fútbol sala entre o Abadín FS e o Oural FS. O partido resultou moi igualado e concluíu cun empate a tres goles. O proxecto de mellora do recinto deportivo incluíu a instalación dun novo chan técnico, máis adecuado, seguro e confortable, pensado tanto para a práctica de diferentes modalidades deportivas como para a celebración doutros eventos

de carácter social ou cultural. Desde o Concello de Abadín destacou-se que esta intervención supón un novo paso no compromiso municipal co deporte, a saúde e a mellora das infraestruturas públicas, co obxectivo de ofrecer espazos de maior calidade en beneficio de toda a veciñanza.

Paralelamente, o Concello continúa coa súa aposta pola mellora da rede viaria municipal. Están en execución os traballos en Corvite e Fanoi entre outros

DOAZÓN DUNHA OBRA DE ARTE

O Concello anunciou a incorporación dunha nova obra ao seu patrimonio cultural grazas á doazón realizada por Didac Haro Nuño, licenciado e doutor en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Trátase dunha pintura ao óleo que reproduce a Casa do Concello e que pasa a formar parte do fondo artístico municipal. A peza xa se atopa exposta nun lugar destacado da Casa Consistorial, onde poderá ser contemplada pola veciñanza e visitantes. O goberno local destacou a importancia desta doazón, que non só supón un recoñecemento á identidade de Abadín, senón que tamén contribúe a fortalecer o valor do patrimonio cultural compartido.



Convocan unha nova escola de baile deportivo e de salón

O Salón de Actos do Concello de Abadín acollerá unha nova proposta de lecer e exercicio coa chegada da Hover Cross Escola de Baile. A iniciativa inclúe clases de baile deportivo e de salón todos os venres, en horario de 17:00 a 18:30 horas, cun total de 12 sesións ao longo de tres meses, correspondentes ao primeiro trimestre. O prezo por persoa será

de 60 euros e será necesario un mínimo de dez parellas para dar inicio ao curso.

As persoas interesadas poden inscribirse e obter máis información no propio Concello de Abadín, a través do teléfono 982 50 80 21. Desde a organización animan a participar nesta proposta que combina diversión, deporte e socialización.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO
MODELO
VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

Impartiranse clases de reforzo educativo para nenos e de actividade física

O Concello de Muras vén de estreir o calendario outonal de actividades, que se desenvolverán ao longo deste trimestre e están pensadas para diferentes públicos. Haberá dúas modalidades principais: as orientadas ao benestar físico e as de reforzo educativo.

As sesións de benestar físico darán comezo o luns 6 de outubro e terán lugar de 17:00 a 18:00 horas na Escola da Balsa e de 18:30 a 19:30 horas na Casa do Médico. Pola súa banda, o reforzo educativo está dirixido ao alumnado de Primaria e aos dous primeiros cursos da ESO, e desenvolverase cada martes e mércores de 17:00 a 18:30 horas na Casa do Médico.

As actividades son gratuítas para a veciñanza ao estar subvencionadas. Para inscribirse, pode empregarse o código QR que figura no cartel, escribir ao correo alcaldia@muras.gal ou chamar ao teléfono 982 500 001. O Concello anima a toda a veciñanza a participar e aproveitar estas propostas.

O PP municipal critica o “abandono” da escola de Irixoa

O Partido Popular de Muras advirte do estado de abandono no que se atopa a antiga escola unitaria de Irixoa porque “o alcalde non fixo nada dende que foron roubadas as ventás”.

A portavoz, Eugenia Requeijo, explica que “o local foi rehabilitado na pasada anualidade cun investimento de en torno aos 150.000 euros con cargo ao Fondo de Compensación que achega a Xunta”. Pero, despois de investir ese diñeiro, a escola sufriu o roubo das ventás unhas semanas despois de concluírse a obra e ser recibida polo Concello.

A escola era empregada anteriormente polos cazadores para as súas reunións e xuntanzas e xa fora vítima da subtracción de ventás e outro equipamento empregado polos usuarios.

Agora, nove meses despois do último roubo, esta edificación de titularidade municipal continúa aberta e sen reparar. A popular lamenta que “o alcalde non se preocupe por recuperar instalacións que son propiedade do Concello” e, polo tanto, de tódolos veciños e veciñas. Especialmente despois de ter investido parte da achega que a Xunta fai ao Concello de Muras con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

O Concello pide á Xunta un mestre de inglés a xornada completa

O Concello de Muras vén de presentar ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional unha petición formal para que o CEIP Antía Cal dispoña dun/ha especialista de inglés a xornada completa.

A administración local argumenta que a actual dotación, limitada a media xornada, resulta insuficiente para dar resposta ás necesidades reais do centro. O obxectivo da solicitude é garantir un ensino de calidade, con recursos suficientes e en igualdade de condicións co resto de escolas da comunidade.

Esta petición faina o grupo de Goberno en solitario xa que foi rexeitada polos tres grupos da oposición, PP, PSOE e concelleiro non adscrito, na xunta de portavoces que se convocou para isto. Segundo informou o alcalde, Manuel Requeijo, os catro concelleiros non quixeron sumarse á demanda e fir-

mar xunto aos nacionalistas.

O CEIP Antía Cal conta cunha aula de Primaria e outra de Infantil, nas que conviven nenos e nenas de idades e niveis educativos diversos, incluíndo alumnado con necesidades educativas especiais. Ademais, o centro está cualificado como de “especial dificultade”, segundo a Orde do 6 de novembro de 2017, ao abeiro da normativa galega que regula os centros situados en zonas con maiores complicacións demográficas e xeográficas.

Desde o Concello lembran que a Lei Orgánica de Educación (LOE), modificada pola LOMLOE, establece que as administracións teñen a obriga de prestar unha atención preferente á educación no medio rural. Isto implica, segundo destacan, compensar as dificultades derivadas da situación xeográfica e organizativa, garantindo recursos humanos suficientes.



Rematan as melloras en varias vías das parroquias

O Concello de Muras vén de executar un ambicioso proxecto de mellora do firme en varias das súas estradas municipais, co obxectivo de reforzar a seguridade viaria e mellorar as comunicacións nas parroquias. As actuacións desenvolvéronse ao longo de 7 quilómetros que discorren polas parroquias da Balsa, O Viveiro e Silán, e supuxeron un investimento total de 385.147,76 euros, financiados con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2025.

Os traballos consistiron nunha intervención integral sobre a capa de rodaxe das vías, con labores de bacheo en zonas puntuais e un recrecido do firme a través da aplicación dunha mestura bituminosa continua en quente (M.B.C.) tipo AC16 SURF

B 50/70 D, cun espesor de 5 centímetros. Esta mellora permitirá un tránsito máis cómodo e seguro tanto para os vehículos lixeiros como para o transporte agrícola e forestal, tan habitual no municipio.

Ademais da renovación do pavimento, tamén se acometeron obras para optimizar a drenaxe das estradas, mediante a limpeza e reperfilado das marxes e a posta a punto das taxas existentes, evitando así problemas de acumulación de auga en épocas de chuvia. Outro aspecto destacado foi a incorporación da sinalización horizontal en todo o tramo obxecto de mellora, un elemento fundamental para incrementar a seguridade viaria e garantir unha circulación máis ordenada.



Rematan as obras da nova ruta Mar Verde

O Concello da Pastoriza rematou as obras de acondicionamento da nova ruta de sendeirismo denominada Pastoriza Mar Verde, que parte da vila e percorre distintas localizacións como Saldanxe, Crecente, Miñoto e o Castro de Saa en Baltar. Esta iniciativa, financiada integramente pola Xunta de Galicia cun investimento superior aos 28.000 euros, busca fomentar o turismo e poñer en valor o patrimonio cultural da zona.

O obxectivo é conseguir que esta ruta sexa circular e poder voltar así ao punto de partida, “para a comodidade dos usuarios”, tal e como explicou o seu voceiro, Marcos García Lombardero, quen asegurou que se “está traballando no proxecto”.

A ruta, de 9,5 quilómetros de lonxitude e cun nivel de dificultade medio-baixo, inicia o seu percorrido na Barreira da Pastoriza, preto do lugar onde se construír unha área de caravanas para atraer visitantes. O itinerario atravesa o centro da vila, permitindo que os camiñantes poidan facer unha pausa para tomar un café ou realizar compras, favorecendo así o comercio local.

A continuación, o traxecto levará ata Saldanxe, onde se poderá visitar unha capela e unha antiga ponte, pasando tamén xunto á piscifactoría da zona. Posteriormente, a ruta proseguirá cara a Baltar, onde se atopa outra capela, finalizando no emblemático Castro de Saa.

EN BREVE



RÚA CALEXÓN. O Concello iniciou as obras de mellora da rúa Calexón de Bretoña, en Bretoña. O proxecto contempla a renovación integral do pavimento, que será executado con aglomerado en quente, así como o arranxo das beirarrúas, coa mellora da súa accesibilidade.



PLAN MARCO. Comezaron na Pastoriza as obras incluídas no Plan Marco da Xunta de Galicia, cun investimento de preto de 83.000 euros que se destinarán a traballos nas parroquias de Úbeda, Reigosa, Bretoña e Samartiño de Corbelle.

“Esas dúas horas de ensaio son como unha desconexión”

Arranca o grupo de Teatro Xatá, unha iniciativa aberta á participación

Cando naceu e como xurdiu a idea?

A idea xurdiu a través da Asociación de Mulleres Rurais da Pastoriza e dunha inqueda persoal da súa vicepresidenta por devolver o gusto polo teatro á Pastoriza, posto que hai anos xa existira un grupo teatral no municipio, “Zampalladas”, que fora todo un éxito na contorna.

Cantos están nesta iniciativa?

Na edición pasada do curso fomos trece integrantes. Aínda que se ofertou un grupo infantil, non foi posible chegar ao número mínimo de participantes necesario, polo que os nenos e nenas que estaban anotados integráronse no grupo de adultos, aportando unha visión nova e fresca. Contamos con xente de idades moi variadas: desde a máis pequena, de 11 anos, ata os veteranos que xa están en idade de xubilación. A maioría somos mulleres, pero tamén temos algún ousado participante masculino que se animou a acompañarnos nesta aventura. Unha gran parte pertencemos á Pastoriza, pero tamén se incorporou xente doutros concellos da contorna, como Meira ou Cospeito, que foron moi ben acollidos polo grupo e que enriquecen moito o conxunto.

Fálenos un pouco do director: quen

é e como chega ata o grupo?

A dirección do grupo corre a cargo de Guillermo Cancelo, de Miolo Produccións S.C., un gran actor e director teatral que chegou á Pastoriza da man de Sandra, unha das nosas integrantes, que xa traballara con el nun grupo de teatro que se estaba a formar na parroquia de Muimenta xusto antes da pandemia.

Cando e onde ensaian?

Xuntámonos os luns, de 20:30 a 22:30 horas, no salón de actos do Concello da Pastoriza.

Creo que xa estrearon. Como foi?

O estreio foi no mes de xullo e xogamos na casa, xa que se realizou no mesmo local onde ensaiamos. A xente respondeu moi ben á nosa chamada para vir pasar un ratinho divertido e gozar da maxia do teatro. De feito, completamos o aforo e incluso nos comentaron que houbo xente que tivo que marchar sen poder ver a actuación. Como era a primeira vez que moitos de nós nos subiamos a un escenario, decidimos apostar polo microteatro e representamos catro adaptacións propostas polo noso director, Guillermo. Comezamos coas máis novas da agrupación, que levaron á escena unha adaptación de “Orgull de Estambul”.

Despois subiron os veteranos cunha desternillante versión de “Pésame (mucho)”. A terceira peza foi “Aquel rúa”, interpretada por tres das nosas compañeiras, que lle deron un punto cómico e moi divertido. Por último, pechamos cun clásico: “Picnic”, de Fernando Arrabal.

Cal é a próxima actuación?

Tras o gran éxito acadado na Pastoriza, repetimos actuación en Meira, conseguindo de novo o aforo completo. Despois fixemos un pequeno parón estival para recobrar folgos e agora estamos pendentes de concretar unha nova data, xa que fomos invitados pola Asociación de Veciños de Reigosa a participar nas súas “Noites de Teatro”.

Como se escolleu o nome?

O tema do nome foi algo complexo de decidir. Nun principio propuxéronse varias ideas e levámolos a votación, pero ningunha acababa de convencernos. Pasaron varias semanas e viñasenos o tempo enriba coa estrea e coa publicidade do evento. Foi entón cando unha das compañeiras dixo: Xatá! Non lle imos dar máis voltas! Así naceu a Agrupación Teatral Xatá, como un guiño á Pastoriza —terra de xatas— e tamén como unha alegoría á dificultade de ato-



par un nome que nos representase a todos.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

Imos comezar unha nova tempada e estamos abertos a novas incorporacións. Se a alguén lle gusta o mundo da interpretación e quere probar, ten as portas abertas para vir participar e decidir se quere quedarse. Voltamos con enerxías renovadas, ensaiando as representacións que xa levamos á escena e preparando outras novas. Tamén estamos valorando a posibilidade de constituírmolos como agrupación oficial para poder formar parte do circuito de teatro da Deputación e levar as nosas obras por toda a provincia de Lugo.

Que necesidades teñen?

A principal necesidade é económica, xa que somos nós mesmos quen sufragamos os gastos de vestiario, atrezzo e tamén o custo do curso.

Contan con axuda para manter o

grupo activo?

Si, contamos coa axuda da Asociación de Mulleres Rurais da Pastoriza, que nos fixo unha achega económica para a compra de material e tamén aplica un desconto na cota mensual que achegamos os integrantes do grupo.

Que beneficios aporta o teatro?

Esas dúas horas que pasamos nos ensaios son unha verdadeira desconexión do día a día. Axúdannos a esquecer os problemas e a liberar emocións, porque o teatro é iso: sensacións e emocións.

Creo que tamén queredes sacar un grupo infantil. Como vai esa iniciativa?

Por agora temos poucos anotados, pero estamos seguros de que, unha vez comece o curso, o boca a boca fará que máis nenos e nenas se animen a probar. Seguro que axiña o gusanillo da interpretación tamén chega aos máis pequenos.

O DOG recolle a creación oficial da oficina rural

A Pastoriza deu un paso decisivo coa creación oficial da súa oficina rural, que contará cunha dotación a tempo completo de dúas prazas. O Diario Oficial de Galicia publica a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, na que se inclúe a incorporación dun veterinario e dun administrativo para este servizo, que xa estaba en funcionamento e aberto ao público nos últimos meses.

A oficina rural atópase situada na planta baixa da Casa do Concello, nun espazo de 53 metros cadrados cedido polo propio Consistorio,

pensado para acoller os servizos veterinarios e a atención directa á cidadanía.

“A posta en marcha definitiva desta dotación supón un importante avance para os gandeiros e gandeiras da Pastoriza, que ata hai pouco tiñan que desprazarse a outros municipios para realizar xestións e trámites”, explican desde o Concello, onde engaden que “con esta medida, a Xunta de Galicia evidencia a súa aposta polo sector gandeiro, considerado o máis relevante no tecido económico e social deste concello”.

O Concello impulsa a ampliación e mellora do polígono industrial

O equipo de goberno da Pastoriza vén de anunciar un proxecto de mellora e ampliación do parque empresarial do municipio, co obxectivo de responder ao interese de varias compañías que manifestaron a súa intención de instalarse nesta superficie industrial. A iniciativa conta cunha axuda da Consellería de Economía e Industria que ascende a 96.000 euros, acadada a través dunha convocatoria de concorrência competitiva, e suporá un investimento que supera os 109.000 euros.

O tenente de alcalde, Marcos García Lombardero, sinala que a previsión é que as obras estean concluídas

antes de finalizar o ano. A actuación contempla a dotación de beirarrúas, rede de saneamento e canalización eléctrica, co fin de deixar plenamente equipadas unhas catro parcelas, que se distribuirán en solares de arredor de mil metros cadrados. Estas parcelas poñeranse á venda a un prezo reducido, coa intención de atraer empresas que xeren emprego e impulsen a economía local.

Ademais, o executivo municipal prevé que a venda destes terreos permita dispoñer de recursos económicos para adquirir solo apto co que impulsar a construción de vivenda pública,

outra das necesidades que o Concello considera prioritarias para o futuro inmediato.

Nunha liña paralela, no último pleno acordouse solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a cesión das vías e das zonas verdes do polígono, así como a reversión dos terreos municipais que foran cedidos a este organismo no ano 1993. A medida abrangue a totalidade do parque empresarial, cunha superficie próxima aos 60.000 metros cadrados, e permitirá que a titularidade destas infraestruturas pase a depender directamente do Concello da Pastoriza.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

27800 Vilaalba (Lugo)

O gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf. 982510550

TERRA CHÁ

Rematan os distintos obradoiros de emprego da comarca

A Xunta clausurou varios obradoiros de emprego. Un deles foi o Camiño da Chaira VIII, no que investiu 412.000 euros e que foi promovido conxuntamente polos municipios de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito. As 20 persoas participantes, que partían dunha situación de desemprego, compaxinaron durante nove meses clases teóricas e traballo remunerado en especialidades relacionadas coa construción e o tratamento informático de documentos.

FRÍOL E RÁBADE. Clausurouse tamén o obradoiro dual de emprego Cumes de Terra Chá VIII, no que investiu 442.000 euros. A actividade foi promovida polo Concello de Begonte asociado cos de Rábade e Friol. O taller ofreceu 20 prazas de ensinanza teórica e prácticas nas especialidades de operacións auxiliares de fábricas e cubertas, e operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización.

POL E CASTROVERDE. A Xunta clausurou o obradoiro dual de emprego O Castro X, promovido polo concello de Ribeira de Piquín xunto aos de Castroverde, Pol, A Pastoriza e Riotorto, no que investiu 412.000 euros. Durante os últimos nove meses, vinte persoas desempregadas dos cinco municipios tiveron a oportunidade de adquirir formación teórica e práctica nas especialidades de viveiros xardíns e centros de xardinería; operacións de acabados ríxidos e urbanización; e control de pragas.

VILALBA E ABADÍN. Tamén se deu por finalizado o obradoiro dual de emprego Terra Chá no Camiño V, compartido polos concellos de Vilalba e Abadín. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiou a actividade con 442.000 euros. O taller ofreceu 20 prazas en tres especialidades diferenciadas, unha de gravación e tratamento de datos e documentos, unha de xardinería e outra de albanelería.

PROGRAMA INTEGRADO. Rematou o programa integrado de emprego compartido por oito concellos, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con 220.000 euros. A iniciativa foi promovida por Outeiro de Rei asociado cos de Rábade, Friol, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo. Os beneficiarios reciben ensinanzas transversais para abrirse paso no mundo laboral tanto por conta allea como propia, en sectores de especial demanda nas súas zonas.

Vilalba, Muras e Xermade únense para incentivar o uso do galego

Os concellos de Vilalba, Muras e Xermade uniron esforzos para poñer en marcha o programa *Naturalmente en galego*, unha iniciativa conxunta para fomentar o uso da lingua galega na etiquetaxe de produtos alimenticios.

Esta campaña consistiu nun primeiro momento na celebración dunhas charlas, que resultaron un éxito de público, reunindo a produtores, consumidores e persoas interesadas en coñecer o valor engadido de etiquetar en galego.

A primeira tivo lugar na Praza de Abastos de Vilalba, centrada na horta; a segunda celebrouse en Muras, na Casa do Médico, arredor da apicultura; e a terceira en Xermade, na Nave Municipal do Polígono, combinando contidos sobre horta, ovellas, ovos e mel.

As sesións combinaron unha parte expositiva e outra práctica: proxectouse un vídeo introdutorio, cada produtor compartiu a súa experiencia e, finalmente, abordouse o uso do galego na etiquetaxe. Tal e como explicou Amanda López, da asociación A Estruga, “non se trataba de falar de normativa, senón de amosar con exemplos reais que producir e comercializar en galego é posible,



viáble e positivo”.

A presentación do evento reuniu á alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, o alcalde de Xermade, Roberto García, o alcalde de Muras, Manuel Requeijo, e Amanda López, produtora e secretaria da asociación A Estruga, entidade encargada de impartir as charlas. Os rexedores dos tres concellos coincidiron en salientar que esta é “unha iniciativa novidosa e inspiradora, froito da colaboración institucional, e que pon en valor o idioma como parte esencial do territorio e da produción sostible”.

O programa contou cunha subven-

ción de 1.500 euros da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destinada a programas de dinamización lingüística. “Trátase dunha acción sinxela e próxima, pero con gran valor, porque pon en relación o noso idioma co territorio, cos produtos locais e coa forma que temos de vivir e producir no rural”, din os organizadores.

Con este programa, os tres concellos quixeron visibilizar o valor da lingua galega como parte inseparable do territorio e da produción sostible, e agradeceron a participación rexistrada.

Adega creará un inventario de charcas de Pol e Friol

O proxecto Charcas con Vida na Reserva da Biosfera Terras do Miño é un proxecto de Adega co que se pretende difundir os valores das charcas e contribuír ao seu estudo e conservación, ademais de visibilizar as ameazas e achegar solucións ao problema de desaparición de charcas e da biodiversidade que acollen.

No marco deste proxecto, Adega creará un inventario de charcas dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, comezando polos concellos de Friol e Pol. Para iso combinaranse diferentes fontes de información: revisión cartográfica, traballo de campo e as achegas cidadás a través dun formulario aberto -dispoñible na web de adega.gal- ata o 31 de outubro.

O 3 de novembro, Día Internacional das Reservas da Biosfera da Unesco, farase a presentación dos resultados obtidos.

Adega desenvolve este proxecto ao abeiro da subvención destinada ás asociacións sen ánimo de lucro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, para o desenvolvemento e actuación de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico deste territorio na anualidade 2025 da Deputación de Lugo.

A Xunta outorga a autorización ambiental ao parque eólico Batifol

A Xunta de Galicia concedeu a autorización ambiental ao parque eólico Batifol, promovido por Naturgy, que se situará entre os concellos lucenses de Castroverde, Castro de Rei e Pol. O proxecto contará cunha potencia de 12,5 megavatios e prevé a instalación de dous aeroxeradores.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou este xoves o anuncio da autorización, que inclúe tamén a construción dunha liña de evacuación e dun edificio destinado a centro de control, así como a ampliación da subestación do parque eólico Monciro. O prazo previsto para a execución é de sete meses.

Na área afectada pola instalación detectouse a presenza de fauna protexida, como a tartaruga cincenta, e especies en perigo de

extinción como o miñato real e a galiñola de auga. Ademais, o parque sitúase nos límites da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Tamén se identificaron 45 elementos de patrimonio cultural dentro do ámbito do proxecto, entre eles varias mámoas localizadas nas inmediacións.

Por este motivo, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural establece a obriga de realizar rozas previas no monte Millares co fin de localizar posibles bens non catalogados. Pola súa parte, Patrimonio Natural esixe a incorporación de tecnoloxías que reduzan o risco de colisión das aves coas turbinas, mentres que Saúde Pública demanda un seguimento específico sobre o efecto de parpadeo das sombras dos muíños nas vivendas máis próximas.



Arrancan as aulas da UNED Sénior Terra Chá

A UNED Sénior Coruña, con sede en Terra Chá, comezou oficialmente as súas clases na provincia, sendo a aula de Momán a primeira en poñerse en marcha. Este espazo educativo arrinca o curso cun total de 70 persoas matriculadas, entre as que destacan un marcado interese polas materias de Historia e Música, seguidas de Medicina, Actividade Física e Informática.

As aulas da UNED Sénior esténdense por distintas localidades como Lousame, Brión, Monfero, Aranga,

Xermade e Guitiriz, con alumnado procedente de Neda, Ferrol, Betanzos e outros concellos da provincia.

O programa está dirixido a persoas maiores de 55 anos que queiran seguir aprendendo e enriquecendo os seus coñecementos.

No arranque deste curso participaron 47 persoas en Momán e 23 en Guitiriz, ás que se sumarán nas próximas semanas os grupos de Paderne, con 117 matriculacións, Brión, con 20, e Lousame, con 34, entre outras localidades.

Unha atención diaria é esencial para facilitar o proceso e obter un resultado excelente"

Iria Figueiras, graduada en Odontoloxía e con Máster en Ortodoncia e ortopedia dentofacial

Jessica Fernández

Como xorde Ortodoncia Figueiras?

Ortodoncia Figueiras nace da necesidade de ofrecer, na provincia de Lugo, un centro de ortodoncia exclusivo, non unha clínica dental convencional. Os pacientes que acoden fano especificamente na procura de tratamentos de ortodoncia. Eu, como profesional da ortodoncia que traballou como ortodontista exclusiva en distintas clínicas das provincias da Coruña, Ourense, Madrid e Lugo, decateime de que en Lugo non existía ningún centro especializado e exclusivo nesta área. É por iso que a finalidade de abrir este centro no pasado mes de agosto é poder ofrecer aos pacientes un tratamento exclusivo coa posibilidade dun seguimento continuo, incluíndo atención diaria, facilitando así que os tratamentos se completen máis rápido e non sufran atrasos e/ou complicacións. Contar con atención todos os días non só supón unha gran comodidade para o paciente, senón que permite realizar todo tipo de tratamentos que, noutros lugares, sen unha boa especialización, non son posibles.

Que a diferencia doutras clínicas?
Son a única profesional membro activo de AESOR (Asociación Española de Especialistas en Ortodoncia) na provincia de Lugo, o que ofrece unha gran especialización neste campo. A ortodoncia é unha disciplina moi concreta e especializada que un dentista xeral non debería realizar; este centro xorde para cubrir esa necesidade específica. O obxectivo da nosa clínica de ortodoncia é buscar a excelencia no que facemos e desenvolver proce-

dementos que nos permitan medir e mellorar a calidade do noso traballo especializado en ortodoncia. Creo firmemente na importancia dunha boa formación, e continuada, para garantir os coñecementos máis actualizados e poder aplicalos a todos os meus pacientes.

Que tipo de tratamentos se poden levar a cabo na súa clínica?

Dentro dos tratamentos de ortodoncia existen diversas técnicas, e actualmente pódense distinguir tres grandes modalidades: ortodoncia con brackets, ortodoncia con aliñadores e ortopedia dentofacial en nenos máis pequenos. No caso da ortodoncia con brackets, existen diferenzas entre os sistemas dispoñibles. Nós utilizamos o sistema Damon, de autoligado pasivo, que ofrece varias vantaxes: os tratamentos adoitan completarse en menos tempo, as molestias para o paciente son menores xa que se require menos forza para lograr mellores resultados e facilitan a hixiene diaria. En canto aos aliñadores, traballamos co sistema Invisalign, que a día de hoxe segue tendo a patente líder neste tipo de tratamentos, o que nos permite ofrecer aos pacientes a máis alta calidade, cun servizo exclusivo e uns prezos realmente axustados. Hai que ter en conta que este tipo de tratamentos, noutros centros, o ortodontista ten que desprazarse, xerando uns custos que repercuten no paciente.

Que valoran máis os seus pacientes da clínica?

Primeiro, hai que resaltar que atendemos a pacientes de todas as idades. Aínda que a ortodoncia se asocia máis a idades temperás, tamén tratamos a adultos, incluíndo



casos nos que xorden problemas por non ter recibido tratamento na etapa infantil. Os nosos pacientes teñen idades que van desde os 4 ou 5 anos ata os 80, xa que non hai límite de idade para recibir ortodoncia. O que máis valoran os meus pacientes e que máis me motiva a min é ofrecer un trato próximo, no que o paciente entenda desde o inicio o problema que hai e poder seguir os tratamentos diariamente. Considero fundamental que o paciente entenda o seu tratamento, polo que dedico varias citas a explicar cada paso, xerar confianza e aclarar por que se recomenda unha técnica no canto doutra, sempre asegurando que o paciente se sinta tranquilo e seguro. Para iso, realizamos un

mínimo de tres citas dedicadas á valoración e explicación detallada do tratamento.

É importante a especialización, non?

A idea do noso proxecto é poñer en valor as especialidades: non todo o mundo pode facer todo. Eu adoito comparalo coa vista: normalmente non vas ao teu médico de familia para unha cirurxía ocular, senón que buscas a un oftalmólogo especializado que poida realizala correctamente. O mesmo ocorre en odontoloxía: é fundamental elixir a un profesional especializado para cada tratamento. Para poder dedicarme exclusivamente á ortodoncia, realice un posgrao a tempo completo durante tres anos. Non calquera tipo de curso ou formación te ca-

pacita para exercer correctamente a ortodoncia, polo que en ocasións non se conta coa preparación necesaria e pode derivar en problemas severos, funcionais, de mordida, postura corporal, dores musculares ou outras complicacións máis graves. É por este motivo que é tan importante a selección de quen nos vai tratar, xa que en odontoloxía a regulación non é tan estrita como en medicina.

Con que instalacións conta?

Cando puxemos en marcha a clínica, ademais de que fose bonita, acolledora e agradable, a nosa prioridade era que resultase cómoda e funcional para o noso traballo diario e para a práctica desta especialidade. As citas de ortodoncia non requiren de moito tempo, pero é fundamental que o paciente se sinta cómodo e que, desde o primeiro momento, poidamos ofrecelo mellor para o seu tratamento. Contamos con todo o necesario para un diagnóstico completo: radiografías, TAC, diagnóstico 3D, fotografía intra e extraoral... todo o imprescindible para avaliar ao paciente sen necesidade de derivalo a outro centro. A idea é que o paciente entenda que vén recibir un tratamento de ortodoncia integral.

Ten algún proxecto de futuro?

O proxecto de futuro deste centro é que a clínica medre mantendo sempre a máxima calidade do servizo, tal e como o ofrecemos actualmente. Aínda que aumente o número de pacientes, o meu obxectivo é asegurar que cada un continúe recibindo os mesmos coidados e atencións que se lles ofrecen agora, de maneira que nun futuro poida Ortodoncia Figueiras consolidarse como un referente na ortodoncia de toda a provincia.

**Rúa Camilo José Cela, praza Augas Férreas, 13
27002 Lugo
982 225 870**

Melloran a vía provincial que vai de Castro de Rei á Pastoriza

A Deputación de Lugo iniciou as obras de mellora na estrada provincial LU-P-1106 que é a vía que conecta Castro de Rei e Campo do Oso, na Pastoriza, por Reigosa, cun investimento de 450.000€. A institución provincial actuará na canalización de formigón para a mellora da drenaxe ao inicio da estrada, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización horizontal.

Os traballos abranguen case 10 quilómetros de vía divididos en tres tramos. O primeiro treito que vai desde o inicio da estrada, á altura da ponte sobre o río Azúmara, ata o punto



quilométrico 7,682, na parroquia de Pacios (Castro de Rei). O segundo é o que pasa pola parroquia da Reigosa, xa no termo municipal da Pastoriza,

entre os puntos quilométricos 9,5 e 10. E, o terceiro treito é o que afecta dende a rotonda de conexión coa LU-P-4401, á altura da Ermida, entre os quilómetros 10,5 e 11,74.

As obras están a ser executadas pola empresa Cholo S.L e teñen un prazo de un mes e medio, co obxectivo de mellorar a seguridade e a comodidade dos usuarios desta importante vía provincial. Trátase dunha actuación de gran relevancia moi transitada, contribuíndo ao desenvolvemento económico e social e garantindo unha maior seguridade e acceso a servizos básicos.

REHABILITACIÓN DA ESTRADA LU-113



A Xunta de Galicia culminou a rehabilitación do firme en todo o trazado da estrada autonómica LU-113 ao finalizar os traballos no último tramo que quedaba pendente, 12,6 quilómetros entre Xustás (Cospeito) e Moncelos (Abadín).

O uso do galego nos cemiterios de Galicia: entre a recuperación e a pegada do franquismo

Estudos locais e iniciativas cidadás confirman unha presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias, aínda moi minoritaria fronte ao castelán

Nos cemiterios de Galicia, a lingua das lápidas, das esquelas e das fórmulas funerarias é tamén un rexistro da memoria colectiva e das presións históricas sobre a identidade. Durante o franquismo, a presenza institucional do galego foi practicamente nula e isto trasladouse a numerosos ámbitos cotiáns, incluídos rituais funerarios e as inscricións sepulcrais, o que contribuíu a que por décadas o castelán se convertese na lingua de prestixio. A transición democrática e a normalización normativa iniciada logo do 1975 e consolidada co Estatuto de 1981 puxeron o galego en posición de recoñecemento oficial, mais a herdanza sociolingüística non cambia de fío: nas prácticas funerarias mantívose durante anos a tendencia a escoller o castelán, percibido nalgunhas contornas como lingua de maior prestixio, especialmente en ámbitos relixiosos e institucionais. Informes e traballos de campo recentes relatán que, aínda que hai unha recuperación paulatina, a lingua galega segue moi por detrás nas inscricións e ritualística funeraria. As cifras recollidas por distintos proxectos e medios reflicten unha situación crúa pero con matices: in-

vestigacións cidadás e proxectos de catalogación sinalan que en moitos cemiterios un pequeno porcentaxe de lápidas aparece redactado en galego —nunha das sondaxes citadas incluso apuntouse que só arredor do 5% estaban en galego— mentres que outras avaliacións e iniciativas locais, especialmente as realizadas desde movementos culturais e polos propios concellos, detectan incrementos que sitúan a presenza en cifras superiores nalgúns territorios, incluso ata o 20% segundo algún traballo. Esa dispersión estatística amosa que existe variabilidade xeográfica e metodolóxica, e subliña a necesidade de estudos sistemáticos e homologados para coñecer a verdadeira dimensión do fenómeno. Ao mesmo tempo, desde colectivos culturais e institucións como o Consello da Cultura Galega fóronse promovendo iniciativas de rexistro, catalogación e visibilización das inscricións en galego, e tamén exposicións e proxectos divulgativos que procuran valorizar a lingua no espazo da memoria. Exemplos recentes de investigacións locais e mapas colaborativos apuntan a que aínda que existe unha herdanza de invisibilización, existe unha reacción comunitaria

que trata de recuperar a linguaxe funeraria en galego como forma de recoñecemento da identidade lingüística das persoas falecidas. Así, nas últimas dúas décadas empezou a documentarse unha recuperación parcial. O labor dun centenar de persoas voluntarias que percorren Galicia para visualizar camposantos e recopilar datos de case 60.000 familias permitiu elaborar unha panorámica que confirma esa tendencia. Entre elas está o escultor Pablo López, quen iniciou o seu traballo na parroquia de Fonfría, na Fonsagrada, cun “paseo investigador” para rexistrar epitafios, analizar materiais e mesmo inventariar arquitectura, pintura e escultura dos templos. A súa observación é clara: a porcentaxe de

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital

inscricións que incorporan palabras como “muller”, “home”, “fillos” ou “netos” medra de xeito progresivo, cunha aceleración evidente no século XXI. En lugares como Santo André de Logares, oito das setenta familias deron o paso de escribir en galego; en Burón, Fonfría, Suarna ou Padrón a presenza tamén aumenta, mentres que no casco urbano da Fonsagrada a porcentaxe baixa ata un 2%. No mesmo sentido apunta a escritora Emma Pedreira, que percorreu cemiterios locais no marco do seu libro *As horas mortas* e documentou máis de cinco mil propiedades funerarias. En Sada realizou 3.660 visualizacións, nas que apenas 16 familias mantiveron estabilidade no galego, unha cifra que cualificou de “tesouros dignos dunha antoloxía”. A súa investigación comparativa entre espazos urbanos e rurais —Veigue, Cangas ou Centroña— mostra a desigual implantación do idioma segundo o territorio, mais tamén unha tendencia emerxente que se confirma co relevo xeracional. O xornalista David Canto Veiga coor-



dinou boa parte destes traballos e puxo en marcha un mapa divulgativo presentado no Consello da Cultura Galega en 2024, que compila información recollida en Galicia, Asturias occidental, O Bierzo e As Portelas zamoranas. Nel evidénciase que as primeiras xeracións alfabetizadas en galego durante a democracia son hoxe as que deciden sobre a lingua das inscricións dos seus familiares. Ese cambio xeracional está acompañado dunha maior transversalidade: participan máis mulleres, e o galego escrito deixa de ser exclusivo das persoas con estudos superiores.

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital provincial. En Bande, unha iniciativa encabezada por Manuel Rivero Pérez e Adolfo Fernández Dafonte localizou unha inscrición en galego datada en 1924 no cemiterio de Baño, un achado excepcional que retrotrae a presenza escrita da lingua máis atrás do que se cría. En Chantada, a docente Tania Vázquez García, no marco do proxecto educativo Palabra e Memoria, analizou máis dun milleiro de familias e comprobou que en parroquias como San Salvador de Asma ou San Xurxo a porcentaxe de inscricións en galego, aínda reducida, amosa unha clara tendencia á alza. Segundo os seus datos, arredor dun 4% das familias xa optan polo idioma propio, un resultado semellante ao doutras zonas rurais. A perspectiva histórica é elocuente: no século XIX, tras o Rexurdimento, houbo exemplos illados de inscricións en galego, como a de Rosalía de Castro en Bonaval en 1891, mais logo chegou un longo período de escuridade no que desapareceron termos tan esenciais como “fillos” ou “netos” das lápidas. As iniciativas de sensibilización dos anos noventa, como *En galego agora e sempre* ou *Palabra e Memoria*, abriron camiño,

mais non foi ata a década de 2010 cando os avances comezaron a consolidarse.

A día de hoxe, o uso do galego nos cemiterios segue a ser minoritario e desigual, con porcentaxes que se moven entre o 2% de certas vilas e o 20% nalgúns concellos rurais. A explicación está na combinación de factores: o peso simbólico do castelán como lingua de prestixio, a inercia dos servizos funerarios, a liturxia relixiosa maioritariamente en castelán e a propia actitude das familias. Mais tamén hai sinais de cambio: a implicación das novas xeracións, o traballo de investigación cidadá e o interese institucional que comeza a abrir camiños.

Desde a perspectiva dunha política lingüística eficaz, o reto pasa por combinar medidas simbólicas e prácticas: promover que os rexistros civís e institucionais faciliten e normalicen o galego nas certificacións e documentación funeraria; ofrecer materiais e guías aos servizos funerarios e talleres de lapidaria para o uso correcto do galego; impulsar campañas informativas que sensibilicen sobre a importancia de nomear e despedir na lingua da persoa; e fomentar estudos sistemáticos que xeren datos comparables sobre a evolución por comarcas e concellos. Estas accións non só teñen un efecto simbólico senón que tamén contribúen a reparar a invisibilización histórica e a fortalecer a normalización lingüística no ámbito máis íntimo das familias.

Con todo, a transformación depende en grande medida das decisións das familias e das comunidades locais: a lingua das lápidas seguirá sendo un espello das actitudes colectivas cara ao galego. A recuperación parcial que documentan proxectos e xornalismo local mostra que a lingua pode volver ocupar o lugar que lle corresponde nas despedidas, mais tamén que esa recuperación será desigual se non se acompaña de políticas públicas e iniciativas culturais coherentes.



DEPUTACIÓN

Firma do convenio para facer un Centro de Innovación Territorial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a directora Xeral de Políticas contra o Despoboamento, Ana de los Ángeles Marín, veñen de asinar o convenio polo que a provincia entra a formar parte da Rede de Centros de Innovación Territorial (CIT) cun investimento de 850.000 euros destinado a frear o despoboamento e dinamizar o rural. “O Executivo de Pedro Sánchez continúa a cumprir cos compromisos adquiridos con esta provincia e nos seguimos a captar fondos que nos permitan desenvolver proxectos clave para reter talento e modernizar o territorio”, valorou o mandatario provincial.

Este acordo ten por obxectivo a creación dun marco de cooperación entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Deputación para impulsar unha plataforma de coordinación pública e privada que permita mobilizar financiamento e coñecemento co obxectivo de dinamizar a economía local, xerar emprego e fixar poboación, sacar adiante iniciativas sociais e tecnolóxicas e conectar o territorio coas universidades, centros de investigación e empresas para transferir innovación.

Mediante o convenio que se vén de formalizar, o Ministerio compromé-



tese a achegar 510.000 euros e a Deputación outros 340.000 entre este ano e o 2029, comezando este ano cunha primeira partida de 100.000 euros. A Deputación de Lugo deberá poñer a disposición do CIT os espazos adecuados para o seu funcionamento, achegar o persoal necesario e contribuír coa súa organización.

Tomé Roca explicou que este acordo se enmarca no traballo que a Deputación de Lugo leva anos facendo “impulsando políticas destinadas a acercar os servizos ao rural” e destacou a rede pública de residencias de maiores que puxo en marcha a institución provincial para “favorecer o arraigo cunha atención de calidade, creando emprego”. Nese sentido, puxo en valor que a Depu-

tación de Lugo ten xa 9 residencias en funcionamento –nos concellos de Pol, Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil– que dan servizo na provincia a través dun modelo de pequenos centros públicos, nos que prima a atención ás persoas, e que conta con moi boa acollida en Europa.

O Presidente sinalou outros proxectos e boas prácticas que impulsa a Deputación que contribúen a fixar poboación, como o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, a Granxa Gayoso Castro ou iniciativas turísticas como as rutas en catamarán ou o Parque Central de Antas que impulsan un modelo de colaboración público-privado.

Entregan os premios provinciais á excelencia turística e gastronómica

A Deputación de Lugo celebrou o acto de entrega da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia coincidindo co Día Mundial do Turismo, nunha cita na que o presidente da institución e do Consello Provincial de Turismo, José Tomé Roca, destacou a importancia de iniciativas “que proxectan a nosa identidade ao mundo”. Tomé, acompañado da deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, fixo entrega dos galardóns ás entidades premiadas.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense, o xurado distinguiu o programa Descubrir Quiroga, a Queima das Fachas de Taboada e a Foliada da Fonsagrada, mentres que na sección ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense resultaron recoñecidas a Feira do Queixo do Cebreiro e a Feira Degustación da Tenreira de Lánara. Ademais, o proxecto Cami-



ño cara a sostibilidade turística da Mariña Lucense foi galardoado na categoría de Turismo Sostible, na que tamén se outorgou un accésito ao Hotel Mogay.

Durante a súa intervención, Tomé Roca subliñou que máis que entregar uns premios, se rende homenaxe ao “compromiso, á creatividade e ao amor pola provincia de Lugo”, salientando que cada iniciativa premiada

fala “de xente que cre na súa terra, que entende o turismo como unha ferramenta para xerar riqueza, dinamizar o rural, preservar o patrimonio e dar a coñecer a identidade lucense no mundo”. O acto desenvolveuse no Salón de Actos do Pazo de San Marcos e contou coa actuación da guitarrista lucense Iria de Cabo, integrante da Banda da Loba, e da baixista e cantante Raquel López.

Unanimidade do Pleno para ser sede da Axencia Estatal de Saúde Pública

A Deputación de Lugo apoiará á candidatura do Concello de Lugo para que a capital da provincia acolla a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública (AESAP). Así se acordou no Pleno tras unha proposta de Presidencia que contou co apoio unánime das tres forzas políticas da Corporación: PSdeG, BNG e PP. Defendeu o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que “é unha cuestión de xustiza territorial” que Lugo albergue este organismo que terá por obxectivo centralizar, coordinar e reforzar a saúde pública de todo o país fronte ameazas e riscos que teñen que ver coa saúde pública. O Pleno tamén aprobou, coa abstención do PP, a Conta Xeral do ano 2024 da Deputación, cumprindo así cos prazos legalmente establecidos, que determinan a obriga de presentar este expediente ante o Consello Xeral de Contas antes do día 15 de outubro. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, destacou que o gasto comprometido acadou no ano

2024 un 94,49% “amosando que a Deputación mellora a súa capacidade de xestión ano tras ano”.

EDUCACIÓN. O Pleno acordou tamén esixir á Xunta que remate cos recortes que levaron a unha situación crítica a varios centros educativos da provincia. Así se aprobou na sesión ordinaria do mes de setembro que tivo lugar esta mañá no Pazo de San Marcos, tras o debate dunha moción socialista que denuncia a problemática que viven moitos colexios públicos provocados pola falta de profesorado. A iniciativa, que se debateu xunto cunha proposta de Goberno en defensa do ensino público, contou cos votos a favor do PSdeG e o BNG e cos votos en contra do PP.

Destacou Tomé Roca, antes da sesión plenaria que “desde que goberna en Galicia o PP calquera inicio de curso é un problema. Todo baséase nos recortes, sobre todo no rural”. Valorou a “incapacidade” de xestión dos populares, que queda reflectida nas 157 prazas que quedaron sen cubrir en Lugo.

O Consorcio provincial de Bombeiros investirá en melloras nos seis parques

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou unha achega extraordinaria de case 2M€ para mellorar os seis parques da provincia e facer fronte á suba salarial acordada no convenio cos traballadores.

Na anualidade 2025 o Orzamento ascenderá deste xeito ata os 10,7M€. A Deputación achega o 50% desta dotación económica e o outro 50% a Xunta de Galicia.

No caso dos parques de Sarria, Chantada e Vilalba, os novos fondos permitirán ampliar as instalacións para dotalas dun espazo de almacenaxe; no caso de Barreiros actuarase sobre as filtracións de auga na terraza, reformarase a cuberta e o soportal, as humidades da fachada, pintaranse as paredes e os teitos interior e acondicionaranse os baños; en Monforte

rehabilitarase a cuberta e os canlóns, revestiranse as fachadas e pintaranse as instalacións por dentro e por fóra; e en Viveiro acondicionarase o chan do ximnasio. O custe conxunto destas obras superará os 700.000€. Ademais, 1,19M€ estarán destinados ao cumprimento do convenio asinado a principios de ano cos traballadores, nos que se recollían entre outras melloras a incorporación de 26 efectivos, un aumento salarial anual de 6.000 euros na categoría de bombeiro, redución de 158 horas anuais ata as 1.642 horas, ou o recoñecemento como persoal laboral fixo dos traballadores con contrato indefinido no momento da subrogación do pasado 1 de maio do 2019. O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, conformado pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia ao 50%, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

DEPORTES

EN BREVE



REMO. O Lago das Pontes acolleu o primeiro Festival Dragón Boat, unha xornada deportiva e solidaria organizada polo club Folixa As Pontes, que reuniu a centos de persoas nun ambiente marcado pola emoción, o compañeirismo e a visibilización da loita contra o cancro de mama.



CICLISMO. A parroquia de Bazar converteuse no epicentro do ciclismo de montaña coa celebración da VI Ruta Coyote Pedal, que reuniu a 100 ciclistas chegados de toda Galicia, procedentes de localidades como Ourense, A Coruña, Arteixo, Sada, Xove, Sarria e diferentes concellos da Terra Chá, entre eles Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz.



RALLY. Celebrouse en Guitiriz o XXI Rally Rías Altas Clásico, que contou con preto dunha trintena de participantes. A proba foi organizada polo Concello, o Moto Club Coruña-Escudería Centollo e o Iberik Gran Balneario de Guitiriz. O municipio chairego foi o epicentro da competición, que contou cun percorrido de 140 quilómetros e que tamén cruzou os concellos de Outeiro de Rei, Begonte, Friol e Lugo.



XIMNASIA. O Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz acolleu o II Torneo Concello de Guitiriz de Ximnasia Rítmica, unha cita deportiva que reuniu a 18 clubs chegados de diferentes puntos de Galicia. Ao longo da xornada desenvóléronse competicións nas modalidades de conxuntos nivel base e absoluto e en individual base, tanto en categoría feminina como masculina, ofrecendo un amplo espectáculo deportivo e de talento.

O Río Miño logra, xogando na casa, o Campionato Galego de Billarda

O campo de fútbol municipal de Castro Ribeiras de Lea acolleu hoxe a segunda edición do Campionato Galego de Billarda, unha cita que reuniu representantes de nove equipos federados: catro da provincia de Pontevedra, tres da Coruña e dous de Lugo. O Río Miño, que xogaba na casa, estivo representado por once xogadores e asumiu a difícil responsabilidade de revalidar os éxitos da primeira edición, celebrada o pasado ano en Santiago. A formación cumpriu con creces e proclamouse de novo campioa galega por equipos, nunha final moi axustada fronte a Lúa de Forza. Tamén houbo presenza destacada en varias categorías individuais. Adrián conseguiu o subcampionato galego infantil, mentres que Iker completou o podio co terceiro posto. Na categoría feminina, Delia disputou o título a Lu ata o último intre e rematou segunda, acompañada por Vero, que confirmou o seu bo momento de forma cun meritorio terceiro posto.



Na final absoluta, Cortón e Lucho lograron clasificarse entre os mellores, quedando ás portas do podio. Ademais, salientouse a boa actuación de xogadores como Kiko, Pepe Outeiro, Luís Ares, Pili e Mauro. Na categoría absoluta o triunfo foi para Daniel, dos Billardeiros Musicais, seguido de Lu (Lúa de Forza) e Outeiro (Corredoiras). Na categoría feminina impúxose Lu (Lúa de Forza), por diante de Delia e Vero, am-

bas do Río Miño. No apartado infantil destacou Xian (Lúa de Forza), que se fixo co primeiro posto, seguido de Adrián e Iker, os dous do Río Miño. Pola súa parte, na modalidade de equipos, o campionato quedou en mans do Río Miño, por diante de Lúa de Forza e Cochiqueiros. En varados proclamouse vencedor Xian (Lúa de Forza), acompañado no podio por José Antonio (Valpaços) e David (Cochiqueiros).

Cristian e Ángel gañaron o quinto torneo de pádel de Begonte

O Concello de Begonte celebrou a quinta edición do Torneo de Pádel, unha cita deportiva que reuniu a numerosos participantes e afeccionados nun ambiente de competición e compañeirismo. No cadro principal proclamáronse campións Cristian e Ángel, mentres que o segundo posto foi para Yelco e Fer. No cadro de consolación, o triunfo correspondeu a Brais e Adri, quedando como subcampións Jose e Miguel. Desde a organización agradecen a implicación de todas as persoas que participaron e asistiron ao evento, destacando o bo ambiente vivido durante toda a fin de semana. Nos próximos días darase a coñecer máis información sobre esta edición do torneo, que segue a consolidarse como unha das citas deportivas máis destacadas do verán no municipio.

categoría única para parellas masculinas, femininas ou mixtas. Esta competición alongarase durante todo o mes de outubro para rematar sobre o mes de xuño. A relación de partidos dependerá do número de parellas inscritas. A inscrición ten un prezo de 20 euros por parella, cota que non inclúe o alugueiro da pista para os partidos. Todos os participantes serán marcados como socios da pista de pádel ata xuño de 2026, o que vén acompañado dun desconto en todas as súas reservas futuras, sexan ou non para esta liga. A competición consistirá nun partido semanal datado de mutuo acordo coas parellas. Ademais, estes poderán seguir resultados e calendarios en formato online. As parellas interesadas en participar deberán inscribirse antes do 4 de outubro no Concello de Begonte, a través do correo deportes@concellodebegonte.es, o WhatsApp 619 455 026 ou no teléfono 982 396 143.

NOVA CONVOCATORIA. O Concello de Begonte pon en marcha a cuarta edición da Liga de Pádel de


Convocada a Nocturna de San Ramón e o Trail das Bestas de Muras

Vilalba será escenario o sábado 11 de outubro da sétima edición da Nocturna de San Ramón, organizada polo Club Atletismo Vilalba e aprazada de setembro polo falecemento dun dos organizadores. A proba terá chegada e saída á praza da Igrexa. As carreiras comezarán ás 18.30 horas coas diferentes categorías infantís e xuvenís. A sénior, de cinco quilómetros dará comezo ás 20.30 horas e haberá tamén a esa hora unha andaina de tres quilómetros. Haberá un trofeo e premio económico para os tres primeiros clasificados da absoluta e trofeos tamén para os tres primeiros das probas infantís a partir de sub 10. O Trail das Bestas de Muras celebrase o 9 de novembro na Serra do Xistral, na que é a súa oitava edición. Xa está aberto o prazo de inscrición, que pode facerse, como sempre na propia web do evento. Esta dura proba de resistencia será tamén puntuable para o Ránking G3 das Galicia Trail Running Series. Disputaranse todas as modalidades clásicas do Trail das Bestas, o Maratón de 43 quilómetros e 2.080 metros de desnivel, a Classic (27k + 1.260 m), o curto (12k + 570 m) e a andaina na Serra do Xistral.

COLABORACIÓN

Cando mexar por un non é chover

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

O verán que vén de rematar quedará marcado pola actividade incendiaria sufrida en certas zonas do País, sobre todo na parte oriental da provincia de Ourense. A superficie queimada neses terribles días de agosto foi máis que considerable, levando por diante as lapas monte raso, bosque arbóreo, pastizais, campos de cultivo, animais e algunha que outra vivenda. Moito se falou, e o que queda por falar do padecido. Desta vez, na nosa bisbarra o lume pasou

de esguello.

Pero aparte desa desgraza, un tiña a intención de comentar unhas imaxes visualizadas nos medios de comunicación e nas redes sociais, chegadas desde o nordés de Francia. Agricultores e gandeiros do lugar, fartos de que ducias de individuos acampasen sen ningún tipo de autorización nas súas terras e ante a inacción das autoridades competentes para proceder a expulsalos, subíronse ós tractores, engancharon as cisternas e botáronlles purín a carón das súas caravanas e furgonetas. O vídeo que amosa o feito non ten desperdicio, observándose como “regan” o prado, mentres os campistas tratan de impedilo subíndose a eses tractores para agredir a quen os manexaba.

A fórmula vacacional destes turistas semella non ser excepcional, senón todo o contrario. Os nosos veciños europeos do norte que viven no campo e do campo, contemplan como de forma máis habitual ás súas localidades chegan forasteiros, os cales sen ningún tipo de permiso, deciden estacionar en fincas privadas e montar nelas o seu campamento. Por suposto, cunha inexistente aportación económica a cambio.

Pero os franceses non asumen o famoso refrán moi típico galego de “Mexar por nós e dicimos que chove”. En absoluto. Os que imos tendo unha idade, lembramos perfectamente aqueles anos oitenta, en plenas negociacións para que Portugal e España ingresasen como estados

membros do que daquela era coñecida como Comunidade Económica Europea (CEE). Os labregos franceses temían a entrada de produtos chegados principalmente da zona mediterránea, sobre todo froitas e verduras, en cantidades e prezos que poderían afectar negativamente o seu modelo de vida. Para coñecer a reacción dos “paisanos” franceses, non temos máis que irnos ás hemerotecas. Imposible esquecer aquelas imaxes onde se retransmitía como asaltaban camiños cheos de cítricos, tomates ou fresas que subían da horta valenciana e murciana para abastecer os supermercados de Francia e outros países do entorno, abrían as comportas e ciscaban todo o material, ante a desesperación dos ca-

mioneiros, que nada podían facer, xa que os xendarmes, de brazos cruzados, non interviñan. E mesmo modus operandi puidemos ver en numerosas ocasións.

Non tódolos pobos actúan do mesmo xeito cando se ven ameazados. Os franceses non se cortan e non se acovardan. A acción de botar purín diante dos fuciños de quen entrou nas súas fincas pola cara é un claro exemplo. Todos en conxunto acadaron o obxectivo e os campistas tiveron que buscar outro destino vacacional.

O noso rural leva moitas mobilizacións nas últimas décadas. Masivas tractoradas e protestas, pero o resultado real de todo elo cal foi...

Aí está a diferenza.

O PP de Feijóo tirouse ao monte

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Feijóo, como Fraga, sempre tivo como meta chegar a presidente do goberno en Madrid e veulle como auga de maio que Isabel Ayuso botara a Pablo Casado da presidencia do PP, por descubrir que o seu mozo era un delincuente que facía facturas falsas para non pagar á facenda e o pobre Pablo non sabía que no PP non se castiga aos corruptos, pero si a quen os descubra, como tampouco se expulsa aos incompetentes e irresponsables como Fernández Mañueco, Juanma Moreno e Alfonso Rueda que demostraron esas negativas condicións nos incendios; Mazón, na DANA e Ayuso, na pandemia e tamén nos incendios.

Como Presidente da Xunta, beneficiaba a súa familia e facía o que quería porque tiña maioría absoluta, dicía el; firmou 1311 entre 2018 e 2023, por un total de 4,8 millóns de

euros para Eulén, a empresa de súa irmán Micaela, pero no seu desexado Madrid atopouse baixo a batuta de Aznar e Ayuso que o obrigaron a tirarse ao monte, rompendo todas as liñas roxas que pode haber en política a base de mentiras e insultos, que é o xeito de actuar deles, porque perderon a razón e o decoro. Dá vergoña allea velo no vídeo que el subiu a Instagram, cantando “Mi limón mi limonero. Me gusta la fruta”, no Garufa Club da Coruña, pero como tampouco teñen vergoña son capaces de degradarse ensinando as súas miserias e de facer calquera cousa con tal de chegar ao poder. Tellado xa está falando de “cavar fosas para enterrar a este Goberno que nunca debeu de existir neste país”, Alfonso Serrano chama “xentuzza” aos manifestantes contra o xenocidio en Gaza e a presidenta madrileña xa fala indirectamente dun golpe de estado, como si quixeran chegar o poder por medio das armas como fixo Franco. Ideoloxicamente estou bastante lonxe de Pedro Sánchez, pero teño que recoñecer que con el a economía do Estado español mellorou moito,

que en moitos temas sociais melloramos máis que ningún país europeo e si non mellorou máis foi precisamente por culpa do PP, de Vox e de Junts, que foron os que votaron sempre contra os temas sociais: imposto a banca, as eléctricas e patrimonio; redución da xornada laboral e subida do salario mínimo interprofesional, argumentando que “os traballadores non comen co SMI”; pero sempre están a favor da privatización das pensións, das residencias, da sanidade e da educación. Seica sofren pedrosanchitis e por levarlle a contraria nin queren coller os cartos da condonación da débeda pública nas comunidades que malgovernan, co ben que nos viñan para a sanidade as pensións públicas e a ensinanza. Din que si os dá o Sanchismo por algo será, pero quen os perdemos somos nosoutros.

Pero esas cousas non lles importan e son incapaces de propoñer proxectos políticos e de levar a cabo un debate serio no parlamento. Dicía Díaz Castro que nunha taberna sempre tiña razón o que mais berraba e eles pensan que o parlamento é unha

taberna onde berran e interrompen constantemente ao contrario con mentiras e insultos e unha violencia verbal que da noxo, acusando gratuitamente de corrupción ao goberno e aos familiares do presidente, utilizando algúns xuíces que se meten en política e non deixan descansar en paz a seu sogro nin na súa tumba; buscan presuntos delitos de seu irmán e da súa esposa, para que os periódicos engraxados por eles con diñeiro público das comunidades que malgovernan, ABC, El Mundo e o dixital OkDiario de Inda espallen as acusacións, aínda que logo nin cheguen a ser xulgadas.

Por denuncia de Manos Limpas, o Xulgado de instrución de Badaxoz procesou a David Sánchez, irmán de Pedro, por un delito de “prevaricación administrativa e tráfico de influencias na creación e adjudicación dun posto na administración pública”, sen ter en conta que ese posto foi adjudicado en 2016, cando aínda Pedro non era presidente. A súa esposa, Begoña Gómez, primeiro foi acusada polo xuíz Peinado por “malversación, tráfico de influen-

cias, corrupción en negocios, pero como parece que as cousas non lle saen como el quixera, o xuíz Peinado fíxolle unha quinta imputación a raíz da contratación da súa asesora na Moncloa, Cristina Álvarez, cuxa labor serviu, segundo Peinado, para fines privados vinculados a Gómez e agora solicítalle os correos electrónicos dos sete últimos anos para ver si atopaba algún delito, o que supón unha “investigación prospectiva” prohibida no estado español e fainos pensar que Peinado non persigue o delito, senón que persigue, acusa e acosa á persoa, algo parecido ao que lle fan a Josef K. na novela “El Proceso”, de Franz Kafka.

Tampouco están a favor de crear unha oficina contra a corrupción porque sempre estiveron e seguen enzoofados nela. Odian aos emigrantes para non ser menos que Abascal, que os quere afundir no mar, acúsanos de violadores, ladróns e asasinados, mentindo e sementando o seu odio contra eles, pero aínda teñen a cara dura de botarlle a culpa á política de Sánchez da agresión ao centro de emigrantes de Monforte.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

O Vicedo: Ruta de Morgallón e río Sor

Unha boa parte dos máis de nove quilómetros de percorrido discorren por unha senda de pescadores achegado ao río

Este sendeiro destaca pola beleza das ribeiras do río Sor e iníciase despois de pasar o núcleo do Morgallón, nunha grande explanada cun panel informativo.

Ao longo do percorrido, que discorre nunha boa parte por un sendeiro de pescadores achegado ao río, pódense observar os restos dunha antiga central hidroeléctrica en Batán, unha presa de retención, os restos dunha antiga telecadeira, que servía para que os pescadores cruzaran o río Sor, un antigo muíño de auga, un refuxio de pescadores e, por suposto, a beleza do lugar de Monte de Insua.

Despois de pasar Morgallón segue por unha estrada local ata a ponte que cruza o río en Monte de Insua. Dende aquí diríxese, dirección río arriba, á Ponte Ulló. Máis tarde atópase a mini central eléctrica de Batán xa abandonada, e despois unha antiga cadeira de ferro, que grazas a unha polea permitía atravesar o río que leva ata un fermoso muíño. Todos estes elementos fan do sendeiro un paseo inesquecible.

A presa de Ponte Ulló constitúe unha importante reserva piscícola e

conta cun Centro de Precintaxe de Reos, capturadeiro e un pequeno laboratorio de incubación e alevinaxe, onde todos os anos se producen en torno aos 40.000 ovos de reo que se sementan nos pequenos arrosos tributarios do coto e zonas libres de parte media do río (captúranse os reos cando soben a criar río arriba, retéñense tres meses e sóltanse para poboa o río).

Xusto onde se atopa a presa abandonada poderase facer un descanso para comer xa que hai un mendeiro con mesas e mesmo unha grellada. A partir de aquí términase o tramo de monte e continuarase por pista asfaltada ata chegar de novo ao coche.

A presa da Ponte Ulló constitúe unha importante reserva piscícola e conta cun centro de precintaxe de reos

Despois de cruzar o istmo que separa os dous tramos do río, cóllese a pista de regreso que acompaña o curso, encaixado entre verticais ladeiras. Ao chegar outra vez a Monte de Insua e despois de cruzar a ponte, un sendeiro pola marxe dereita do río conduce ata outra telecadeira. Trátase dunha ruta de sendeirismo homologada en setembro de 2001 pola Federación Galega de Montañismo coa inscrición PR-G 8 que percorre, na súa maior parte, a beira do Río Sor.



DATOS



3 horas.



9,3 km.



Dificultade
baixa

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05